

# Xadrez para todos

Educachess

avanzado

1

XUNTA DE GALICIA



# Xadrez para todos

## Avanzado 1




Edita: Balàgium Editors, SL  
info@balagium.com  
www.balagium.com

info@educachess.org  
www.educachess.org



Federación Galega de Xadrez - [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org)




Segunda edición: Xaneiro 2014

ISBN: 978-84-15184-12-6

Deseño cuberta: Pere Fradera Barceló  
Maquetación: Jordi Prió Burgués  
Ilustracións: Ramon Mayals Marbà

© Jordi Prió Burgués  
Imma Farré Vilalta  
Ramon Torra Bernat  
Balàgium Editors, SL  
Ramon Mayals Marbà



Reservados todos os dereitos.

Ningunha parte desta publicación pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por ningún medio sen permiso do editor.

# Índice

	Limiar.....	v
	Presentación.....	vii
	Orientacións pedagóxicas.....	viii
	Autores .....	ix
<b>Unidade 1.</b>	<b>Tipos de aperturas.....</b>	<b>1</b>
	Clasificación .....	2
	Aperturas con 1.e4 .....	7
	Aperturas con 1.d4 .....	11
	Aperturas sen 1.e4 nin 1.d4.....	17
<b>Unidade 2.</b>	<b>Variantes dunha apertura.....</b>	<b>21</b>
	Variantes e subvariantes.....	22
	Carácter das variantes.....	28
	Árbore de variantes .....	30
	Evolución no tempo .....	34
	Transposicións na apertura .....	36
<b>Unidade 3.</b>	<b>Gambitos .....</b>	<b>37</b>
	Introdución.....	38
	Respostas a un gambito .....	41
	Gambitos con brancas .....	47
	Gambitos con negras.....	50
<b>Unidade 4.</b>	<b>Valoracións e plans .....</b>	<b>53</b>
	Introdución .....	54
	Apertura da posición .....	56
	Ataque nun flanco con avalancha de peóns .....	58
	Cambio de pezas.....	60
	Dominio de columnas .....	62
	Adaptación do plan .....	64
	Formular plans iniciais .....	65
	O plan e a estrutura de peóns .....	68
<b>Unidade 5.</b>	<b>A defensa.....</b>	<b>71</b>
	Defensa activa e pasiva.....	72
	Economía de recursos .....	74
	A simplificación .....	76
	O cambio da peza atacante máis perigosa .....	78
	O reforzamento das debilidades .....	80
	O contraxogo .....	82
	O sacrificio defensivo.....	84
	O contrasacrificio .....	86



	O peche ou control das liñas de ataque.....	88
	A reacción central contra o ataque de flanco .....	91
	A xogada intermedia .....	93
	Temas defensivos varios.....	95
<b>Unidade 6.</b>	<b>Sacrificios .....</b>	<b>97</b>
	Introdución.....	98
	Sacrificios de peón .....	99
	Sacrificios de cabalo.....	101
	Sacrificios de alfil.....	103
	Sacrificios de torre.....	105
	Sacrificios de dama .....	107
<b>Unidade 7.</b>	<b>Ataque ao rei con enroques opostos.....</b>	<b>113</b>
	Introdución.....	114
	Gana quen chega primeiro co seu ataque .....	116
	Ataque con avalancha de peóns.....	117
	Ruptura de bloqueo de peóns con sacrificio de peza.....	119
	Ruptura con sacrificio de peón .....	121
	Ataque á baioneta.....	123
	Defensa fronte a un ataque con avalancha de peóns.....	125
<b>Unidade 8.</b>	<b>Finais de peóns.....</b>	<b>129</b>
	O afogado como recurso defensivo .....	130
	Liberación de espazo para manobrar .....	133
	A transformación da vantaxe .....	135
	Creación dunha fortaleza.....	136
	Un peón que detén a dous.....	138
<b>Unidade 9.</b>	<b>Finais de torres .....</b>	<b>141</b>
	Torre contra dous peóns unidos.....	142
	Torre contra dous peóns illados.....	148
	Torre e peón contra torre. Peón en 7. <sup>a</sup> .....	150
	Corte do rei defensor 1 vertical.....	150
	Separación do rei defensor 1 vertical.....	154
	Torre e peón contra torre. Peón en 6. <sup>a</sup> .....	156
	Corte do rei defensor 1 vertical.....	156
	Separación do rei defensor 1 vertical.....	157
<b>Unidade 10.</b>	<b>Finais sen peóns.....</b>	<b>161</b>
	Torre contra alfil .....	162
	Torre contra cabalo.....	165
	Torre e alfil contra torre.....	168
	Torre e cabalo contra torre.....	172
	Dama contra unha peza menor.....	175
	Dama contra dous cabalos .....	177
	Dama contra alfil e cabalo .....	178
	Dama contra dous alfís.....	179
	Dama contra dúas torres .....	181
	Dúas pezas menores contra peza menor .....	183

# Limiar

## O XADREZ EN GALEGO

A frutífera andaina de Xadrez para todos chega con este número ao nivel superior de aprendizaxe do apaixonante deporte do xadrez. Chanzo a chanzo, o proxecto foi ascendendo e medrando para dotar as entidades deportivas dun instrumento de ensino aprendizaxe deste deporte cada vez máis completo.

A ambición da Secretaría Xeral de Política Lingüística é contribuír con este material en galego a alcanzar os obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega, que incide na necesidade de dotar a sociedade, e particularmente as entidades do ámbito deportivo, de ferramentas para desenvolver en galego as súas actividades.

Por outra banda, a Secretaría congratúlase de que o galego forme parte de proxectos multilingües europeos como Educachess, no que se integra Xadrez para todos, de maneira que, dende Galicia, contribuíamos á valoración do multilingüismo en Europa e á difusión e uso do galego en pé de igualdade cos outros idiomas comunitarios.

Secretaría Xeral de Política Lingüística

# Limiar

A Federación Galega de Xadrez quere darlle a benvida a este innovador proxecto e testemuñar a súa débeda de gratitude permanente coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Xunta de Galicia.

A federación concibe o xadrez como un deporte que debe ser universal e que chega a todos e a todas dende as idades máis temperás. Neste proxecto facemos causa común con moitos e moitas xadrecistas, clubs, árbitros e monitores que, co seu apoio, fan posible que proxectos coma este se fagan realidade.

A difusión do xadrez na nosa lingua convértese por tanto nun novo punto de encontro, máis alá doutras posibles diferenzas culturais ou sociais que poidan existir, no que todo deporte, materia ou ciencia poida ser impartida e aprendida.

Coa nosa modesta colaboración neste proxecto tratamos de contribuír a que ese primeiro contacto co xadrez se faga na nosa lingua, conscientes da importancia que para ambas as dúas entidades ten que isto suceda, especialmente nos centros de ensino da nosa comunidade e nas escolas deportivas dos clubs e concellos.

A existencia dun material didáctico en galego e accesible para todos e todas convértese nunha ferramenta fundamental para docentes e monitores e monitoras que, con esta obra, se dotan dunha serie de recursos de indubidable calidade pedagóxica.

A accesibilidade universal está garantida pola súa faceta de proxecto multimedia; pódese acceder dende as nosas respectivas páxinas web á versión dixital do texto e pódense, dese xeito, imprimir as fichas ou unidades didácticas con facilidade e en cor.

Agardamos que deste primeiro contacto xurda o interese polo xadrez que, aínda que nun primeiro momento non debe deixar de ter esa faceta lúdica e agradable, especialmente ás idades ás que se dirixe este proxecto, pode desembocar no a fundamento tanto da práctica deportiva, como da satisfacción da curiosidade polo seu estudo, así como o dos seus aspectos técnicos, ou simplemente polo orgullo de ver progresar o coñecemento dunha nova disciplina deportiva; pois cando un xogador ou xogadora logra concentrarse na súa partida ata o punto de interiorizar a posición do taboleiro, e é capaz de reproducila na súa mente, prodúcese ese momento máxico no que as pezas cobran unha nova dimensión, e as relacións entre estas entrelazan un universo novo na cuadratura das 64 casas.

E é nese paso onde a Federación Galega de Xadrez pon todos os seus recursos á disposición dos futuros e futuras xadrecistas, dende o apoio informativo de cara á creación dun club, pasando pola posta á disposición de técnicos e técnicas para a organización de eventos, así como o material preciso e os árbitros formados nos numerosos cursos e seminarios que esta imparte.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

# Presentación

O proxecto editorial de Balàgium Editors xorde da necesidade de cubrir un baleiro bibliográfico no ámbito do ensino do xadrez escolar porque a gran maioría de libros de xadrez publicados están orientados ao perfeccionamento nesta disciplina e diríxense, polo tanto, a un público xa iniciado.

Un dos nosos principais obxectivos é contribuír á xeneralización do ensino do xadrez nos centros educativos. Trátase dun instrumento pedagóxico e lúdico de primeira orde, debido ás vantaxes que leva consigo a aprendizaxe e a práctica deste deporte-xogo na formación integral das persoas.

Polo tanto, o noso proxecto está orientado á creación de materiais pedagóxicos, tanto en formato libro coma en multimedia, para a difusión e o ensino do xadrez nos ámbitos educativo, deportivo e lúdico.

Unha das innovacións do proxecto consistiu en incorporar a metodoloxía de traballo das editoriais do ámbito educativo sobre planificación, elaboración e creación de materiais didácticos ao mundo do xadrez. Isto foi posible ao combinar a experiencia pedagóxica de profesores e mestres de centros educativos e os coñecementos xadrecísticos de xogadores e monitores deste deporte.

Por conseguinte, realizouse un traballo de elaboración dun currículo completo en contidos (conceptos, procedementos, valores e actitudes) e en obxectivos para todos os cursos das etapas educativas de preescolar, primaria e secundaria. A partir desta programación global, elaboráronse e estanse a publicar unha serie de libros e as súas guías didácticas, agrupados en varias coleccións. A finalidade é que o profesorado e o seu alumnado dispoñan de materiais axeitados e complementarios para poder ensinar e aprender, respectivamente, o xogo do xadrez dunha forma doada, pedagóxica, universal e continuada en todos os cursos escolares das etapas obrigatorias.

En definitiva, a partir de proxectos pedagóxicos globais e completos para o ensino do xadrez, contribuírase dun xeito máis eficaz á difusión e á aceptación de que a práctica deste xogo estratéxico facilita o proceso da aprendizaxe e a educación integral da persoa, mellorando notablemente o rendemento escolar e o grao de maduración intelectual e persoal do alumnado.

Todo isto debería contribuír a facilitar a incorporación do xadrez nos centros educativos por parte dos responsables gobernamentais en educación.

Pódese ampliar a información sobre estes proxectos, os seus materiais didácticos, os autores e as vantaxes da práctica do xadrez na páxina web [ww.educachess.org](http://ww.educachess.org).

## Orientacións pedagóxicas

Os libros da colección Xadrez para todos presentan, mediante un deseño visual e atractivo, os conceptos de forma progresiva. Tamén formulan exercicios de dificultade gradual para cada concepto explicado, co fin de favorecer a súa aprendizaxe.

Cada concepto introdúcese no momento axeitado, relacionándoo cos contidos anteriormente explicados e, pola súa vez, serve de introdución para outros conceptos que se presentan posteriormente, xa sexa en capítulos do mesmo libro ou dos seguintes libros da colección.

Nas webs [www.balagium.com](http://www.balagium.com) e [www.educaches.org](http://www.educaches.org) pódense consultar as guías didácticas e solucionarios de cada libro, para ampliar orientacións con respecto ao uso destes libros e da metodoloxía utilizada.

Aínda que a metodoloxía aplicada permita utilizar estes libros para unha aprendizaxe autodidacta, sempre se conseguirá un mellor aproveitamento dos contidos a través das clases impartidas por monitores ou profesores.

Para que os resultados sexan óptimos, é necesario que cada alumno e alumna dispoña dun libro. Así, facilitarase que poidan realizar os exercicios e, tamén, repasar os contidos que se explicasen nas clases. É dicir, actuarase de forma análoga ao modo de ensino de calquera materia nos centros educativos, onde o profesorado utiliza como base os libros dunha editorial para todos os cursos da etapa escolar.

### **Estrutura da colección *Xadrez para todos***

Esta colección comprende seis libros de distintos niveis: dous de iniciación, dous de nivel intermedio e dous de nivel avanzado.

En cada libro da colección trabállanse contidos da apertura, do medio xogo e dos finais.

### **Estrutura do libro *Xadrez para todos. Avanzado 1***

*Unidades 1-3:* iniciación na teoría aperturas (tipos, variantes, gambitos).

*Unidade 4:* ampliación á valoración de posicións e introdución aos plans.

*Unidades 5-7:* ampliación de conceptos sobre temas de defensa, sacrificios e ataque ao rei enrocado.

*Unidades 8-10:* ampliación sobre finais de peóns, de torres e doutros finais sen peóns.

### **Estrutura dunha unidade**

Cada unidade iníciase cunha portada e o índice do seu contido.

Nas páxinas de teoría, preséntanse os conceptos mediante definicións, esquemas e exemplos varios.

Cada páxina de teoría vén acompañada doutras con exercicios para facilitar e practicar estes contidos conceptuais. Ao final das unidades, hai unha serie de páxinas de exercicios combinados sobre todos os conceptos da unidade.

# Autores

En canto aos autores dos libros e do material do proxecto, estes pertencen aos ámbitos da pedagogía e do xadrez.

## **Jordi Prió Burgués**

Licenciado en Ciencias Físicas e posgraduado en Didáctica das Matemáticas.

É profesor de matemáticas de ensino secundario no IES Ciutat de Balaguer. Impartiu cursos a profesores en novas tecnoloxías da información e en didáctica do xadrez, pola Consellería de Educación do Goberno de Cataluña.

Presidiu o Club de Xadrez Balaguer (1998-2003) e dirixiu o prestigioso Open Internacional Ciutat de Balaguer (1998-2006).

É monitor, árbitro e formador de monitores da Federación Catalá da Xadrez.

## **José Luis Vilela de Acuña**

Mestre internacional de xadrez e graduado en Enxeñería Eléctrica.

Foi adestrador do Equipo Nacional de Cuba e doutros equipos nacionais de Centroamérica. Actualmente, é profesor do Instituto Superior Latinoamericano de Xadrez na Habana.

Colaborador regular de publicacións internacionalmente recoñecidas, como Informador Xadrecístico (Serbia), New in Chess (Holanda), Revista Jaque Teoría (España) etc.

Así mesmo, varios mestres internacionais, que se dedican ao ensino pedagóxico do xadrez, colaboraron na revisión dos libros e na achega de suxestións. A todos eles, o noso agradecemento.



## Tipos de aperturas

Clasificación

Aperturas con 1.e4

Aperturas con 1.d4

Aperturas sen 1.e4 nin 1.d4









# Clasificación

As aperturas poden clasificarse de diferentes formas. Unha delas ten que ver coa forma en que as brancas comezan a partida. As dúas xogadas máis frecuentes son 1.e4 e 1.d4, que son peóns centrais que avanzan dous pasos, co que se cumpre o principio de ocupación rápida do taboleiro. Un pouco menos usuais son 1.c4, 1.f4 e outras como 1.Cf3, 1.g3 e 1.b3.


## Exemplos




Esta forma de comezar o xogo denomínase apertura do peón de rei (1.e4). É a forma máis popular e, ademais de controlar d5 e f5, dálles paso polas diagonais ao alfil de rei e á dama.



Esta outra forma recibe o nome de apertura do peón de dama (1.d4). É tamén bastante popular e, ademais de controlar e5 e c5, dálle paso ao alfil de dama.



Pódese iniciar tamén mediante 1.c4, que se coñece como apertura inglesa. O peón controla a casa central d5 e domina b5. Non se facilita polo momento a saída dos alfís, só se abre a diagonal d1-a4 para a dama.



O primeiro movemente co cabalo de rei 1.Cf3 coñécese como apertura reti, en honor ao famoso mestre e pedagogo checo. Á vez que se desenvolve unha peza menor, contrólense as casas centrais d4 e e5.



Outra forma de clasificar as aperturas é dividíndoas en abertas, semi-abertas e cerradas. Pero presenta o inconveniente de que, en moitas aperturas, existen simultaneamente todas estas variantes.

Para este tipo de clasificación, debe observarse a cantidade de liñas (columnas, filas e diagonais) que hai dispoñibles para a acción das pezas e o tipo de centro, que depende principalmente do grao de bloqueo dos peóns centrais (unidade 2 do Intermedio 2).


## Exemplos



### Gambito danés

1.e4 e5 2.d4 exd4 3.c3 dxc3 4.Ac4 cxb2 5.Axb2


As brancas entregan dous peóns a cambio de máis desenvolvemento e de abrir liñas para atacar. Non hai peóns bloqueados no centro e as pezas teñen unha gran mobilidade.



### Apertura italiana

1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ac4 Ac5

Considéraselle unha apertura aberta. En moitas das súas variantes, hai pouco ou ningún bloqueo de peóns no centro.



### Defensa siciliana

1.e4 c5 2.Cc3 Cc6 3.f4 e6 4.Cf3 d5 5.Ab5 Cf6 6.Axc6+ bxc6 7.De2 Ae7 8.d3 0-0 9.0-0

É unha variante na cal non se cambian nin bloquearon peóns centrais.









### Defensa benoni

1.d4 Cf6 2.c4 c5 3.d5 e5 4.Cc3 d6 5.e4 Ae7

Existe un forte bloqueo de peóns no centro (peóns e, d e c).

# 1

Escribe se a posición de apertura presentada para cada diagrama é aberta, cerrada ou semiaberta.





Como xa se mencionou, ás veces o carácter da posición transfórmase dentro dunha mesma apertura e pasa, por exemplo, de posición aberta a semiaberta, ou a cerrada, e viceversa.

## Exemplos



### Apertura italiana

Partindo do diagrama 2 da páxina 3, chégase a este tras as xogadas:  
4.c3 De7 5.0-0 Cf6 6. d4 Ab6 7.d5  
Cb8 8.Ad3 d6. Posición bloqueada no centro do taboleiro.



### Defensa siciliana

Partindo do diagrama 3 da páxina 3, chégase a este tras as xogadas:  
9... Dc7 10.Ca4 a5 11.c4 Te8 12.b3  
Cd7 13.e5 d4. Obsérvase o forte bloqueo de peóns que se produciu.



### Defensa benoni

Partindo do diagrama 4 da páxina 3, chégase a este tras as xogadas:  
6.f4 exf4 7.Axf4 0-0 8.Ad3 Cbd7  
9.Cf3 Ce8 10.e5 dxe5 11.Cxe5 Cxe5  
12.Axe5.




### Defensa siciliana


Tras 1.e4 c5 2.Cf3 d6 3.d4 cxd4  
4.Cxd4 Cf6 5.Cc3 a6 6.Ae2 e5 7.Cb3  
Ae7 8.Ae3, a posición é semiaberta.  
Se 8... Ae6 9.0-0 d5 10.exd5 Cxd5  
11.Cxd5 Axd5 (diagrama), a posición queda aberta.

# 2


Escribe entre que tipo de posicións se producen as seguintes transformacións do carácter da posición.




1.Ae2 f6 2.exf6 Dxf6 3.Cf1 e5 4.dxe5 Cdx5 5.Dxd5 Ae6 6.Db5




→




1.d5 Cb8 2.Axd7+ Cxd7 3.c4



→



1.Ae2 f5 2.exf5 gxf5 3.Ah5+ Rf8  
4.Cf3 Af6 5.h4 h6 6.g4 e4 7.Cd2 Axc3  
8.bxc3 Cd7 9.gxf5



→



# Aperturas con 1.e4

Existen en total 20 formas posibles de responder a 1.e4.


Moitas delas cumpren cos principios que deben observarse durante a apertura e son, por suposto, as que máis se utilizan. Outras non cumpren eses principios e non deben, polo tanto, ser utilizadas.

## Exemplos



1. e4 e5

As negras, que realizan un movemento simétrico no centro, buscan controlar d4 y f4 e facilitar o desenvolvemento das pezas.




1. e4 e6

As negras preparan o avance do seu peón d a d5, para loitar desa forma polo control do centro do taboleiro.



1. e4 c5

As negras controlan a casa d4 e, a diferenza de 1.e4 e5, créase unha situación asimétrica no centro do taboleiro. Preténdese conseguir unha columna semiaberta (ou aberta) c se as brancas avanzan d2-d4 nalgún momento.



1. e4 c6

As negras preparan o avance do seu peón d a d5, para loitar polo control do centro do taboleiro (como na defensa francesa, pero coa diferenza de que o alfil de dama negro non queda limitado pola súa estrutura de peóns).



En ocasións, prodúcense transposicións entre unha apertura e outra.


Por exemplo: 1.e4 d6 2.d4 Cf6 3.Cc3 e5 comezou como unha defensa Pirc, pero transpuxo a unha apertura do dobre peón de rei.

## Exemplos



1. e4 d5

Cuestiona a posición do peón branco en e4 e abre liñas rapidamente para o desenvolvemento das pezas. Ten o inconveniente de que a dama se expón pronto no centro do taboleiro, despois de 2.exd5 Dxd5.




1. e4 d6

Controla a casa central e5 e ábrelle paso ao alfil de dama. Xeralmente, combínase coa saída do alfil de rei vía fianchetto (g6 e Ag7).



1. e4 Cf6

Desenvolve unha peza e ataca de inmediato o peón branco e tenta as brancas a avanzar. A idea é realizar un contraataque sobre os peóns brancos centrais cando avancen, pero supón o risco de mover repetidamente o cabalo nas primeiras xogadas e deixarllas o centro aos peóns brancos.



1. e4 Cc6

Desenvolve o cabalo, pero permítelles ás brancas ocupar de inmediato o centro con 2.d4. Preténdese contraatacar entón, xa sexa con 2... d5 (idea orixinal de Nimzowitsch) ou 2... e5.



Das aperturas que se mostran nesta páxina, a máis frecuente é a do Fianchetto de rei, ás veces chamada defensa moderna.


É unha defensa flexible que, en ocasións, transpón a posición da defensa Pirc ou, mesmo, doutras aperturas.

## Exemplos



1. e4 g6

Desenvolve o alfil de rei vía Fianchetto. Non ocupa de inmediato o centro con peóns, senón que pretende contraatacar posteriormente sobre o centro das brancas.




1. e4 b6

Desenvolve o alfil de dama vía Fianchetto e, de maneira similar ao caso anterior, busca contraatacar posteriormente o centro das brancas.



1. e4 a6

Forma dubidosa de xogar que contradí os principios do xogo na apertura. A súa idea é xogar 2... b5, desenvolver o alfil por b7 e despois intentar contraatacar sobre o centro que formen as brancas.









1. e4 g5

Xogada provocadora que debilita bastante a posición das negras. A idea é desenvolver o alfil a g7 e, eventualmente, contraatacar sobre o centro que formen as brancas. Só adoita utilizarse ocasionalmente a modo de sorpresa.



# 3

Escribe a cal das aperturas derivadas de 1.e4 pertence cada unha das posicións mostradas.






# Aperturas con 1.d4

Despois de 1.d4, as negras tamén teñen 20 xogadas posibles para o seu primeiro movemento.

Coma no caso do peón de rei, non todas esas posibles respostas son adecuadas.

## Exemplos


### 1 Apertura do dobre peón de dama



1. d4 d5

As negras realizan un movemento simétrico no centro. Buscan controlar e4 e facilítase, en principio, o desenvolvemento do alfil de dama.


### 2 Defensas indias



1. d4 Cf6 (tras 2. c4)

O cabalo desenvólvese e controla o punto central e4, de xeito que impide que as brancas avancen e2-e4. A xogada máis usual das brancas é 2.c4 e, a partir de aí, xorden as que se coñecen como defensas indias.


### 3 Defensa Benoni



1. d4 c5

Contraatácase de inmediato sobre o centro branco e propónse o cambio de peóns. Parece que se está sacrificando o peón en c5, pero en realidade pode ser recuperado con facilidade, en caso de que as brancas o capturen.

### 4 Defensa holandesa



1. d4 f5

Esta é a terceira forma que teñen as negras de controlar de inmediato o punto e4 (ademais de 1... d5 e 1... Cf6). Considérase unha defensa de rico contido estratéxico.



Na relación que se expón nesta unidade sobre as distintas formas en que as negras poden responder a 1.d4, algunhas non parecen moi lóxicas, como 1.d4 e6, 1.d4 c6 ou 1.d4 d6.

Isto débese a que, xeralmente, estas formas de xogar chegan por transposición a outros sistemas de apertura. Como por exemplo: 1.d4 e6 2.c4 d5 produce unha transposición cara ao gambito de dama rexeitado.

### Exemplos



1. d4 b6

As negras preparan o Fianchetto de dama para que o alfil actúe a distancia sobre o centro e, posteriormente, contraataque cos seus peóns sobre o centro branco. Similar á defensa Owen do peón de rei.



1. d4 g6

Prepara o Fianchetto do alfil de rei, é similar á defensa do mesmo nome fronte ao peón de rei.



1. d4 b5

Prepárase o Fianchetto de dama, pero o peón avanza dous pasos en vez de un. Por un lado, isto gana máis espazo no flanco de dama, pero por outro provoca máis debilidades, empezando polo propio peón b, que non está defendido. É pouco usual.



1. d4 Cc6

Esta é unha defensa pouco común, parecida á defensa Nimzowitsch fronte ao peón de rei. É unha xogada de desenvolvemento natural, pero o cabalo queda exposto a posibles ataques por parte do peón d branco.



As dúas formas máis comúns de responder a 1.d4 son 1... d5 e 1... Cf6. Nas seguintes páxinas, móstranse as aperturas máis usuais que se producen con 1.d4.

Nesta páxina, móstranse as principais aperturas tras 1.d4 d5. A réplica fundamental é 2.c4 que propón o gambito de dama, aínda que tamén existe a posibilidade de xogar sen o avance c2-c4, o que conduce ao que se coñece como xogos do dobre peón de dama.

## Exemplos



1.d4 d5 2.c4

As brancas sacrifican, polo menos momentaneamente, o peón c, para desviar o peón negro d do centro do taboleiro e poder así gañar maior control dese importante sector.



1.d4 d5 2.c4 dxc4

Nesta variante, as negras aceptan o peón ofrecido. Malia que se perde o control do centro, obtense provisionalmente unha pequena vantaxe material e búscase desenvolver as pezas rapidamente.



1.d4 d5 2.c4 e6

As negras defenden o seu peón central para manter o control do centro. Ábrese a diagonal f8-a3 para desenvolver o alfil de rei. Ten o inconveniente de que a diagonal c8-h3 queda cerrada para o alfil de dama das negras.



1.d4 d5 2.c4 c6


As negras defenden o seu peón central para manter o control do centro, pero neste caso fano co peón c en vez dde co peón e. O alfil de dama negro mantén posibilidades de ser desenvolvido a través da diagonal c8-h3.



Nesta páxina, móstranse as principais aperturas tras 1.d4 Cf6.


As negras desenvollen o cabalo de rei e controlan a casa e4, co cal se evita que as brancas a ocupen co seu peón e. Cando as brancas continúan con 2.c4, dáse orixe ao que se coñece como as defensas indias, das cales se mostran as principais a continuación.

## Exemplos




1.d4 Cf6 2.c4 e6 3.Cc3 Ab4

O alfil desenvólvese e, ao cravar o cabalo de c3, impide o avance e2-e4.



1.d4 Cf6 2.c4 e6 3.Cf3 b6

Prepárase a saída do alfil vía fianchetto, desde onde o alfil controlará as casas centrais e4 e d5.



1.d4 Cf6 2.c4 e6 3.Cf3 Ab4+

O alfil desenvólvese con xaque e prepárase o enroque curto.




1.d4 Cf6 2.c4 g6 3.Cc3 Ag7

Caracterízase polo fianchetto do alfil de rei negro. O peón d negro colócase en d6 (o que lles permite ás brancas avanzar e2-e4) e só tras enrocar buscan as negras contraatacar no centro.




Nos tres primeiros diagramas, continúanse enumerando as defensas indias. Cando as brancas non xogan c2-c4, éntrase nos xogos dos dobres peóns de dama, un deles é o ataque torre (diagrama 4).

## Exemplos



1.d4 Cf6 2.c4 g6 3.Cc3 d5

Tamén se caracteriza polo fianchetto de rei, pero aquí as negras xogan d5 para atacar o centro rapidamente.




1.d4 Cf6 2.c4 c5

As negras atacan no centro de inmediato. A entrega de peón é só aparente, pois as negras recuperáno facilmente en caso de capturar as brancas.



1.d4 Cf6 2.c4 d6 3.Cc3 e5  
4.Cf3 Cbd7 5.e4 Ae7

Caracterízase polo desenvolvemento do alfil a e7 e a posición central de peóns negros (e5, d6).









1.d4 Cf6 2.Cf3 e6 3.Ag5

Existen tamén outras aperturas sen 2.c4, como os sistemas Londres e Colle (este último mostrarase na unidade 1 do Avanzado 2).

# 4

Escrebe a cal das aperturas derivadas de 1.d4 pertence cada unha das posicións mostradas.






# Aperturas sen 1.e4 nin 1.d4


Ademais de abrir o xogo con 1.e4 o 1.d4, as brancas tamén poden facelo doutras formas. Xa mostramos 1.c4 e 1.Cf3. A continuación, móstranse outras aperturas que tamén adoitan utilizarse.

## Exemplos



1. f4

Dirixida a controlar o punto e5 con este peón.




1. b3

Desenvolve o alfil de dama por fianchetto.



1. g3

As brancas preparan o fianchetto de rei. É flexible, pois non se definen pronto as posicións dos peóns.









1. b4

Para desenvolver o alfil de dama por fianchetto, pero gáñase máis espazo no flanco de dama; como contrapartida, o peón queda máis exposto e créanse máis debilidades.









# 5

Escribe a que apertura pertence cada unha das posicións mostradas (son aperturas sen 1.e4 nin 1.d4).









## A

Escrebe a cal das aperturas tratadas nesta unidade pertence cada unha das posicións mostradas.



# B

Escrebe a cal das aperturas tratadas en esta unidade pertence cada unha das posicións mostradas.



# Variante dunha apertura

Variante e subvariantes

Carácter das variantes

Árbore de variantes

Evolución no tempo

Transposicións na apertura






# Variantes e subvariantes

Denomínanse **variantes** as distintas alternativas posibles nunha determinada posición de apertura. Polo tanto, existen variantes para as brancas e tamén para as negras.

Cada variante adoita recibir un nome específico e ter unha determinada idea. A elección dunha ou doutra variante es depende das preferencias do xadrecista.

A continuación, preséntanse algunhas variantes da apertura **Ruy López** ou **española**, que poden xogar as negras na súa terceira xogada.

## Exemplos



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5

As brancas desenvolven harmonicamente as súas pezas menores da ala do rei, deixando o escenario listo para o enroque curto.



3... Cf6

As negras continúan o desenvolvemento natural das súas pezas e atacan o peón de e4.



3... a6

As negras obrigan a que as brancas movan o alfil á casa a4 ou que o cambien con 4.Axc6 (variante do cambio).









Clásica ..... Ac5  
Steinitz ..... d6  
Jaenisch ..... f5

Cozio ..... Cge7  
Bird ..... Cd4  
Do fianchetto ..g6

1

Escribe o nome da variante escollida polas negras.  
Para iso, deduce cal foi a súa terceira xogada en cada posición.






Dentro da variante principal do Ruy López existe unha forma clásica de xogo que se coñece como a **variante pechada** (non confundir co concepto de posición pechada).

Esta prodúcese tras: 1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 a6 4.Aa4 Cf6 5.0-0 Ae7 (se as negras capturan o peón de e4 con 5... Cxe4 en vez de 5...Ae7, ten lugar a denominada **variante aberta**).

Nesta **variante pechada**, as brancas poden escoller entre varias opcións na súa sexta xogada.

## Exemplos



6. De2

Deféndese o peón e coa dama, á vez que se desenvolve esa peza para despexar a primeira horizontal.




6. d4

As brancas irrompen de inmediato no centro co seu peón d.



6. Axc6

As brancas cambian o seu alfil polo cabalo. Denomínase diferido porque existe tamén a variante do cambio tras 1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 a6 4.Axc6.









6. Te1

Esta é a continuación da liña principal. As brancas defenden o peón central coa torre antes de iniciar accións no centro.

# 2

Escrebe o nome da subvariante escollida polas brancas.  
Para isto, deduce cal foi a súa sexta xogada en cada posición.







Se se continúa avanzando no que é considerado como a liña principal da variante pechada do Ruy López (diagrama 1), as negras teñen un bo número de opcións, que constitúen variantes (tamén se poden chamar **subvariantes**) dentro desta variante pechada.


Ademais das tres variantes que se amosan para as negras na súa novena quenda (diagramas 2, 3 e 4), existen tamén outras, como, por exemplo, 9... Ab7 (subvariante Zaitsev; con idea de continuar 10.d4 Te8) e 9... h6 (subvariante Smyslov).

## Exemplos




9. h3

As brancas buscan continuar coa ocupación do centro mediante d2-d4.




9... Ca5

O cabalo ameaza ser cambiado polo alfil e despexa o camiño para avanzar o peón c a c5 na próxima xogada (para disputar o control do centro do taboleiro).



9... Cd7

As pezas negras prepáranse para fortalecer o peón negro en e5 con Af6. O cabalo de rei manobra cara ao flanco de dama para ir a b6.









9... Cb8

O cabalo retrocede, para resituarse en d7. Desde alí defenderá e5 sen entorpecer a acción do alfil de dama, que se colocará en b7.

3

Escribe o nome da subvariante escollida polas negras.  
Para iso, deduce cal foi a súa novena xogada en cada posición.





# Carácter das variantes

Dentro da variante pechada da apertura Ruy López pódese chegar a posicións tanto pechadas coma abertas ou semiabertas.


Pódense repasar estes conceptos na primeira unidade do libro Intermedio 2.

A continuación, amósanse outros exemplos ao respecto.


## Exemplos




Tras cambios no centro, a posición quedou completamente aberta.



Tras o bloqueio do centro, a posición quedou pechada.









As columnas d e a están abertas.  
Os peóns e están bloqueados, así como os peóns do flanco de dama.



A columna b está aberta, a d e c semiabertas.  
Os peóns centrais e bloquéanse mutuamente.

4

Escribe o carácter que ten cada posición amosada (pechada, aberta ou semiaberta).





# Árbore de variantes

Para mellorar a comprensión dunha apertura, utilizaremos a **árbore de variantes** porque permite visualizar a estrutura das súas variantes e subvariantes.


Lembra que se introduciu o concepto da árbore de variantes na unidade 5 do libro Intermedio 2.

A continuación, amósase a árbore correspondente ás variantes da variante pechada da apertura Ruy López que se mencionaron anteriormente nesta unidade.


## Exemplo



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 a6 4.Aa4 Cf6  
5.0-0 Ae7



6.Te1 b5 7.Ab3 0-0 8.c3 d6 9.h3






As principais **vantaxes de coñecer a teoría de aperturas** son:

1. Realizar xogadas coherentes cuxa corrección xa foi demostrada.
2. Aforrar tempo de análise e valoración para elixir xogadas.
3. Aproveitar os posibles erros do adversario para conseguir vantaxe.

O obxectivo de dominar a teoría de aperturas non é ganar a partida nesta fase do xogo, senón chegar ao medio xogo nunha situación que sexa o máis positiva posible.


As brancas aspiran a obter vantaxe por empezar primeiro a partida e as negras a evitar estar en desvantaxe.

## Exemplos




1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 a6 4.Aa4 Cf6  
5.0-0 Ae7 6.d4 exd4 7.Te1 b5 8.Ab3?!

As brancas elixiron a variante do centro na sexta xogada. Pero descoñecen a teoría e xogan 8.Ab3?! en lugar de 8.e5.




8... d6 9.Cxd4? Cxd4 10.Dxd4 c5!

Tras 8... d6, o descoñecemento e a falta de atención levan as brancas a cometer un erro decisivo. Perden unha peza (o alfil será encerrado na próxima xogada).



8.e5 Cg4?

A mesma variante do centro, pero agora son as negras as que non coñecen a teoría e xogan 8...Cg4? en vez de 8... Cxe5! que é recoñecida como a mellor xogada.




9.Ab3 0-0 10.h3 Ch6 11.Axh6 gxh6  
12.Cxd4.

O resultado do erro das negras foi unha posición claramente inferior para elas, co enroque moi debilitado.

# 5

Relaciona cada variante da seguinte apertura co comentario que lle corresponde. Para iso, escribe o número do comentario no cadrado de debaixo de cada variante.

N.º	□	■
1	e4	e5
2	Cf3	Cc6
3	Ab5	a6
4	Aa4	Cf6
5	0-0	Ae7
6	Axc6	dx6
7	d3	Dd6
8	Cbd2	Ae6
9		
10		



9.Cc4 Axc4 10.dxc4 Cxe4

9.b3 Cd7 10.Ab2 c5

9.d4 Cd7 10.c3


9.Cg5 0-0-0

- 1 A ocupación do centro cos peóns brancos outórgalle unha clara vantaxe a ese bando.
- 2 Os peóns negros en e5 e c5 son brancos propicios para o ataque das pezas brancas, que teñen mellores oportunidades na posición.
- 3 As brancas buscan privar as negras da parella de alfís. As brancas intentarán atacar no flanco de dama, mentres as negras o farán no flanco de rei.
- 4 A elección das brancas na súa 9.<sup>a</sup> quenda non foi boa, as negras capturaron un peón e non se observa compensación.
- 5 As brancas continuaron o seu desenvolvemento, as negras reforzaron o peón e5 e o control de d4. As oportunidades son parellas.
- 6 Despois de que as brancas cambien o seu cabalo polo alfil, teñen un forte ataque sobre o flanco de dama, mentres as negras non posúen ningún contraxogo.
- 7 As brancas irromperon no centro mentres as negras sosteñen e5 e confían no potencial da súa parella de alfís; elas poden enrocar tanto curto coma longo.
- 8 A captura do peón de e4 polas negras abre liñas que lles permitirán ás brancas desenvolver un forte ataque.

## 6

Relaciona cada variante da seguinte apertura co comentario que lle corresponde. Para iso, escribe o número do comentario no cadrado de debaixo de cada variante.

N.º	□	■
1	e4	e5
2	Cf3	Cc6
3	Ab5	a6
4	Axc6	dxc6
5		
6		
7		
8		
9		
10		



5.d4 exd4 6.Dxd4 Dxd4  
7.Cxd4 Ad7

5.0-0 Ag4 6.h3 h5 7.d3 Df6  
8.Ae3 Axf3 9.Dxf3 Dxf3  
10.gxf3 Ad6

5.0-0 f6 6.d4 Ag4 7.c3 Ad6  
8.Ae3 De7 9.Cbd2 0-0-0

5.Cxe5 Dg5 6.d4 Dxc2  
7.Df3 Dxf3 8.Cxf3

1

A pesar dos seus peóns débiles no flanco de rei, o final é claramente favorable para as brancas pola maior actividade das súas pezas menores.

2

As negras desenvolven o seu alfil preparando o enroque longo. A parella de alfís en posición aberta compensa o peón dobrado na columna c.

3

O resultado da captura do peón foi unha posición favorable para as brancas polos seus peóns centrais e a columna g semiaberta.

4

Os enroques opostos e a presenza de case todas as pezas no taboleiro fan que a posición resulte complexa, con oportunidades para ambos os bandos.

5

A prematura captura do peón polas brancas só conduciu a abrir máis a posición, o cal lles convén ás negras coa súa parella de alfís.

6

As brancas están mellor no medio xogo sen damas debido á súa maioría de peóns no flanco de rei.

7

O final é aproximadamente equilibrado, as negras teñen peóns dobrados na columna c e as brancas na columna f, ademais do peón illado en h3.

8

Neste complicado medio xogo, as brancas teñen clara vantaxe pola ocupación do centro cos seus peóns e a maior seguridade do seu rei.





# Evolución no tempo


Ao longo da historia do xadrez, as aperturas evolucionaron significativamente. Tamén variou moito a consideración de que goza unha ou outra apertura, unha ou outra variante. Esa evolución non se detén, continúa hoxe en día.

## Exemplos



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ac4 Ac5 4.c3 Cf6  
5.d4 exd4 6.cxd4 Ab4+ 7.Cc3

Esta variante con brancas foi analizada no século XVII por Greco (destacado mestre italiano desa época), concluíndo que era correcta e lle daba un forte ataque ao primeiro xogador.




7... Cxe4 8.0-0 Axc3! 9.d5!? (9.bxc3 d5!) Af6! 10.Te1 Ce7 11.Txe4 d6

Posteriormente, os estudos e a práctica de moitos anos demostraron que as negras logran unha boa posición desta forma. Hoxe en día esta variante utilízase pouco por parte das brancas.



1.e4 c5 2.Cf3 Cc6 3.d4 cxd4 4.Cxd4  
Cf6 5.Cc3 e5 6.Cdb5 d6 7.Ag5 a6  
8.Axf6 gxf6 9.Ca3

A variante pelikan era considerada a mediados do século XX como moi dubidosa para as negras.




9... b5 10.Cd5 f5 11.c3 Ag7

Hoxe en día, a variante pelikan está considerada unha forma de xogo totalmente adecuada para as negras, grazas ás achegas e ideas de moitos mestres contemporáneos.


# 7

Relaciona cada diagrama co comentario que lle corresponde.  
 Para iso, escribe o número do diagrama no cadrado da esquerda de cada comentario.


Posición inicial




Variante do centro 6.d4



6... exd4 7.e5 Ce4 8.Cxd4 Cxd4  
9.Dxd4 Cc5



6... exd4 7.Te1 b5 8.e5 Cd5 9.Ab3  
Cb6 10.c3 dxc3 11.Cxc3



6... exd4 7.Te1 b5 8.e5 Cxe5 9.Txe5  
d6 10.Txe7+ Dxe7 11.Ab3 c5

As brancas teñen compensación polo peón entregado, baseada na maior actividade de pezas e maior control de espazo.

As negras teñen unha excelente posición, grazas ao forte bloque de peóns e á compensación material que representan torre e dous peóns a cambio de dúas pezas menores.


A manobra do cabalo tras ser ameazado garante unha posición equilibrada. As brancas non poden evitar que o seu alfil sexa eventualmente cambiado.



# Transposicións na apertura

En ocasións a partida empeza cunha determinada apertura e, posteriormente, por transposición, obtense unha posición que se pode alcanzar tamén a partir doutra apertura.

## Exemplos




1.d4 d5 2.c4 e6 3.Cc3 Cf6 4.Cf3 c5 5.cxd5 Cxd5 6.e3 cxd4 7.exd4 Ae7

A apertura foi a **defensa semiTarrasch**, sistema que se orixina a partir do **gambito de dama rexeitado**.

1.e4 c6 2.d4 d5 3.exd5 cxd5 4.c4 Cf6 5.Cc3 e6 6.Cf3 Ae7 7.cxd5 Cxd5

A través dun **ataque Panov** (3.exd5 cxd5 4.c4) na **defensa Caro Kann** chegouse exactamente á mesma posición (e tocándolle xogar ao mesmo bando) ca no caso anterior.



1.e4 e5 2.Cf3 d6 3.d4 Cf6 4.Cc3 Cbd7 5.Ac4 Ae7 (diagrama)

A apertura que se xogou é a **defensa Philidor**; esta é unha das súas posicións fundamentais.

1.e4 d6 2.d4 Cf6 3.Cc3 e5 4.Cf3 Cbd7 5.Ac4 Ae7 (diagrama)

As negras iniciaron a partida como unha **defensa Pirc**. Non obstante, despois transpúxose á mesma posición da defensa Philidor mostrada anteriormente.

## Gambitos

Introdución

Respostas a un gambito

Gambitos con brancas

Gambitos con negras






# Introducción

Introduciuse o concepto de gambito na unidade 2 do libro Intermedio 1.

Un gambito é **unha apertura con entrega de material** (poden ser peóns ou pezas) **a cambio de lograr vantaxe** no desenvolvemento das pezas, no control do centro do taboleiro, ou de abrir liñas que sirvan para o ataque, o cal conduce xeralmente á obtención da **iniciativa** (unidade 1 do libro Intermedio 2).


## Exemplo




1.e4 e5 2.f4 As brancas entregan o peón f co obxectivo de que o peón e das negras abandone o control da casa central d4. Este gambito é un dos máis antigos na historia do xadrez.



2... exf4 3.Cf3  
As negras aceptaron o peón. As brancas buscan ocupar o centro con d2-d4, pero antes xogan 3.Cf3 para evitar un xaque da dama negra en h4.



3... d6 (defensa Fischer) 4.d4  
As brancas terminan de ocupar o centro co seu peón d. Asemade ameazan recuperar o peón negro de f4.




4... g5 5.Ac4  
As brancas teñen máis desenvolvemento, pezas máis activas e control do centro, como compensación polo peón de menos.



Non só as pezas brancas poden realizar gambitos. Tamén existen gambitos que son formulados polas pezas negras.


Un exemplo diso é a apertura coñecida como **gambito letón**, bastante parecida na súa idea ao gambito de rei.

### Exemplo




1.e4 e5 2.Cf3 f5

As negras buscan que o peón branco capture en f5 para dominar o centro avanzando o seu peón a e4 e, eventualmente, avanzar d7-d5.




3.exf5 e4

O peón e avanza ganando espazo e atacando o cabalo branco. Ademais da aceptación do peón con 3.exf5, pódese capturar 3.Cxe5, intentar un ataque relámpago con 3.Ac4 ou contraatacar no centro con 3.d4.



4.Ce5 Cf6 5.Ae2 d6

O cabalo branco ocupou unha casa central e as negras desenvolveron o seu cabalo, á vez que evitaron un xaque con dama en h5. Despois, as brancas desenvolven o seu alfil e as negras desaloxan o cabalo branco de e5.




6.Ah5+ Re7 7.Cf7 De8 8.Cxh8 Dxh5 9.Dxh5 Cxh5 10.g4 Cf6

As brancas teñen vantaxe material de calidade e un peón. Pero o seu cabalo en h8 está encerrado; se é capturado, serán as negras as que terán vantaxe. A situación é complexa, con oportunidades para ambos os bandos.


# 1

Relaciona cada diagrama co comentario que lle corresponde. Para iso, escribe o número do diagrama no cadrado da esquerda de cada comentario.


Cada diagrama amosa unha posición diferente derivada do gambito letón.




1.e4 e5 2.Cf3 f5 3.Ac4 fxe4 4.Cxe5 d5  
5.Dh5+ g6 6.Cxg6 hxg6 7.Dxh8 Rf7 8.Dd4  
Ae6 9.Ab3 Cc6 10.De3 Ah6 11.f4 Cge7



1.e4 e5 2.Cf3 f5 3.exf5 3.Ac4 fxe4 4.Cxe5  
Dg5 5.d4 Dxg2 6.Dh5+ g6 7.Af7+ Rd8  
8.Axg6 Dxh1+ 9.Re2



1.e4 e5 2.Cf3 f5 3.d4 fxe4 4.Cxe5 Cf6 5.Ag5  
d6 6.Cc3 dxe5 7.dxe5 Dxd1+ 8.Txd1 h6  
9.Axf6 gxf6 10.Cd5



1.e4 e5 2.Cf3 f5 3.Cxe5 Df6 4.d4 d6 5.Cc4  
fxe4 6.Cc3 Dg6

O material está parello, pero as brancas teñen certa vantaxe posicional baseada fundamentalmente no seu maior desenvolvemento.

As negras teñen calidade e un peón de menos. Como compensación, teñen unha gran vantaxe en desenvolvemento das súas pezas e un forte control do centro do taboleiro tanto con peóns coma con pezas. A situación é pouco clara.

As brancas sacrificaron unha torre, pero a cambio teñen un perigoso ataque sobre o rei negro.

As negras teñen unha peza de vantaxe, pero as brancas ameazan capturar material coa entrada do cabalo en c7, o cal non resulta fácil de defender.




# Respostas a un gambito

## 1. Defender o peón capturado


Despois de 2...exf4 3.Cf3, as negras teñen outras alternativas (ademais da variante Fischer 3... d6). Unha delas é defender inmediatamente o peón de f4 con 3... g5.

### Exemplo




1.e4 e5 2.f4 exf4 3.Cf3 g5

As negras adiántanse a un posible ataque ao seu peón en f4.




4.Ac4 g4

As negras atacan o cabalo de f3. Se o cabalo se move, as negras obteñen moi bo xogo e dan xaque coa súa dama en h4.



5.0-0 gxf3 6.Dxf3

As brancas sacrificaron o seu cabalo de f3. A cambio obtiveron unha gran vantaxe en desenvolvemento, maior control do centro e apertura de liñas para atacar. Este gambito recibe o nome de Muzio-Polerio.



6... Df6 7.e5 Dxe5 8.d3

As brancas sacrificaron outro peón, para abrir máis liñas sobre o rei negro. As negras teñen un cabalo e un peón de vantaxe; como compensación as brancas teñen a iniciativa, con gran vantaxe en desenvolvemento e perigosas ameazas.





# 2

Indica, despois de aceptado o gambito, canto material de menos teñen as brancas e que xogada deberían realizar a continuación.



En cada diagrama aparece a posición dun gambito (pertencente, pola súa vez, á apertura gambito de rei) co seu nome.




1.e4 e5 2.f4 exf4 3.Cf3 g5 4.h4 g4  
5.Cg5 h6 6.Cxf7



1.e4 e5 2.f4 exf4 3.Cf3 g5 4.Ac4 g4  
5.Axf7+



1.e4 e5 2.f4 exf4 3.Cf3 g5 4.Ac4 g4  
5.Cc3



1.e4 e5 2.f4 exf4 3.Cf3 Ae7 4.Ac4  
Ah4+ 5.g3 fxg3 6.0-0






## 2. Gambito rexeitado


Despois de 1.e4 e5 2.f4, as negras poden rexeitar a oferta do peón, co cal se produce o gambito de rei rexeitado. Unha das formas máis comúns de rexeitar este gambito é a xogada 2... Ac5, coñecida como variante clásica.

### Exemplo




1.e4 e5 2.f4 Ac5

As negras continúan o seu desenvolvemento, situando o alfil nunha posición moi activa desde a cal lle impide ao rei branco enrocar curto. As brancas non poden capturar 3.fxe5? pola forte xogada 3... Dh4+!




3.Cf3 d6

As brancas desenvolven o cabalo de rei e as negras defenden o seu peón de rei e preparan a saída do alfil de rei e preparan a saída do alfil de dama. Novamente é incorrecto capturar 4.fxe5 dxe5 5.Cxe5? debido a 5... Dh4+!



4.c3 Cf6 5.d4

As brancas ocupan o centro cos seus peóns, mentres as negras continuaron co seu desenvolvemento.




5... exd4 6.cxd4 Ab4+ 7.Ad2 Axd2+ 8.Cbxd2 De7

A posición resultante ofrece posibilidades para ambos os bandos.


# 3

Relaciona cada diagrama co comentario que lle corresponde. Para iso, escribe o número do diagrama no cadrado da esquerda de cada comentario.


Cada diagrama amosa unha forma diferente de rexeitar o gambito de rei.




1.e4 e5 2.f4 d6



1.e4 e5 2.f4 Cf6



1.e4 e5 2.f4 Dh4+



1.e4 e5 2.f4 Cc6

Unha xogada pouco convencional, que non contribúe ao desenvolvemento, pero busca debilitar casas brancas no flanco de rei do bando branco.

Deféndese o peón atacado á vez que se posibilita a saída do alfil de dama.

Deféndese o peón e desenvólvese unha peza.

Non se defende o peón, senón que se desenvolve unha peza con contraataque sobre un peón do opoñente.




### 3. Contragambito

Despois de 1.e4 e5 2.f4, as negras poden, á vez que rexeitan a captura do peón, propor, pola súa vez, a entrega dun peón ao seu oponente. Isto é o que se coñece coma un contragambito.


O contragambito Falkbeer é unha das liñas de xogo máis importantes dentro do gambito de rei.

#### Exemplo




1.e4 e5 2.f4 d5

As negras, en vez de aceptar o peón ou defender o seu, ofrecen un peón. Isto explícase porque a idea tras 3.exd5 non é 3... Dxd5, que permite ganar tempo atacando a dama con 4.Cc3.




3.exd5 e4

As negras avanzan o seu peón e, ganando espazo á vez que impiden o desenvolvemento do cabalo de rei a f3.



4.Cc3 Cf6 5.Ac4 Ac5

As brancas desenvolven as súas pezas atacando o peón negro e defendendo o peón de d5. As negras defenden o seu peón e colocan o alfil de rei nunha activa posición, impedíndolle ao rei branco enrocar curto.







6.Cge2 0-0 7.d4 exd3 (a.p.) 8.Dxd3 Cg4

As negras teñen compensación polo peón entregado, debido ao seu maior desenvolvemento e iniciativa. Ameázase Cf2 e tamén se reforza a presión na columna con Te8.

# 4

Relaciona cada diagrama co comentario que lle corresponde. Para isto, escribe o número do diagrama no cadrado da esquerda de cada comentario.

*Cada diagrama amosa unha posición diferente derivada do contragambito Falkbeer.*




As negras recuperaron o peón entregado, polo cal o material está parello. A posición ofrece posibilidades a ambos os bandos.

A posición simplificouse significativamente. As negras poden recuperar o peón e quedar nun final igualado.

As negras sacrificaron un cabalo, pero teñen a cambio unha perigosa iniciativa.

Como compensación polo peón entregado, as negras teñen un maior desenvolvemento e poderán tamén dominar a columna aberta e.




# Gambitos con brancas


Amósase unha síntese dos principais gambitos con pezas brancas.

Dado que o gambito de rei foi tratado xa nesta unidade, non se inclúe neste resumo.

## Exemplos




1.e4 e5 2.d4 exd4 3.c3 dxc3 4.Ac4  
As brancas ofrecen dous peóns para obter unha vantaxe en desenvolvemento e abrir liñas para o ataque.



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.d4 exd4 4.c3  
Mediante a entrega dun peón, as brancas aceleran o seu desenvolvemento e abren liñas.



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.d4 cxd4 4.Ac4  
As brancas non capturan en d4, senón que continúan o seu desenvolvemento e sitúan o alfil nunha agresiva posición.




1.e4 e5 2.Cf3 f6 3.Cxe5  
As brancas sacrifican un cabalo para lanzar un ataque sobre o rei negro. Se 3... fxe5 4.Dh5+ é moi forte, considérase que o menos malo para as negras é non capturar o cabalo e xogar 3... De7.




Amósanse dous gambitos pertencentes ao dobre peón de rei e dous que se producen na defensa siciliana.


## Exemplos




1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ac4 Ac5 4.b4  
Este gambito xa foi presentado na unidade 2 do libro Intermedio 1. O seu obxectivo é ocupar o centro rapidamente cos peóns e abrir liñas para o ataque.



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ac4 Cf6 4.Cg5 d5  
5.exd5 Cxd5 6.Cxf7  
As brancas sacrifican un cabalo por un peón, para forzar o rei negro a saír ao centro do taboleiro. Continúase 6... Rxf7 7.Df3+ Re6 8.Cc3 cunha posición moi complicada na que as brancas teñen a iniciativa a cambio da desvantaxe material.



1.e4 c5 2.b4  
O seu obxectivo é desviar o peón c negro para que perda o control da casa central d4, de forma que, tras 2.cxb4 3.d4, se ocupe o centro cos peóns.




1.e4 c5 2.d4 cxd4 3.c3  
Entrégase un peón para acelerar o desenvolvemento e abrir liñas. Este gambito pode realizarse tamén xogando primeiro 2.Cf3, por exemplo, 1.e4 c5 2.Cf3 d6 3.d4 cxd4 4.c3.




Amósase un gambito pertencente á defensa Petrov no dobre peón de rei e tres que se producen na apertura do peón de dama.


## Exemplos




1.e4 e5 2.Cf3 Cf6 3.Cxe5 d6 4.Cxf7  
As brancas ofrecen unha peza a cambio de dous peóns e unha posición algo insegura do rei negro. Tras 4... Rxf7, o máis usual é 5.d4.



1.d4 d5 2.c4  
Busca desviar o peón negro para gañar control do punto central e4.  
Xa se tratou sobre este gambito na unidade 1 deste libro.



1.d4 f5 2.e4  
É un gambito da defensa holandesa. As brancas entregan o peón para abrir liñas; tras a captura 2...fxe4 adóitase continuar 3.Cc3 e desenvolver rápido as pezas.



1.d4 d5 2.e4  
Búscase abrir liñas inmediatamente para un eventual ataque.





# Gambitos con negras

Amósase unha síntese dos principais gambitos con pezas negras.

Dado que o gambito letón foi tratado xa nesta unidade, non se inclúe neste resumo.

## Exemplos



1.e4 e5 2.Cf3 d5

Para abrir liñas, a idea non é recapturar 3.exd5 Dxd5 pois 4.Cc3 gana un importante tempo, senón 3.exd5 Ad6 desenvolvendo rapidamente as pezas.




1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ac4 Cf6 4.Cg5 Ac5

Sorprendentemente, as negras ignoran a ameaza branca sobre f7. A liña máis crítica é 5.Cxf7 Axf2+ con enormes complicacións.



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 f5

A idea é desviar o péon e cara ao flanco e, eventualmente, abrir a columna f para o ataque.




1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 a6 4.Aa4 Cf6 5.0-0 Ae7 6.Te1 b5 7.Ab3 0-0 8.c3 d5 Tras 9.exd5 Cxd5 10.Cxe5, as brancas ganan un péon, pero as negras obteñen compensación pola maior actividade, desenvolvemento e máis liñas abertas sobre o enroque branco.



Amósanse tres dos principais gambitos na apertura do péon de dama e na apertura Bird.

## Exemplos



1.d4 Cf6 2.c4 e5

Entrégase o péon e para abrir liñas.  
Tras 3.dxe5, o máis usual é 2... Cg4 atacando o peón de e5.




1.d4 d5 2.c4 e5

Para abrir liñas e ganar espazo no centro tras 3.dxe5 d4.



1.d4 Cf6 2.c4 c5 3.d5 b5

Búscase abrir columnas na de dama tras 4.cxb5 a6 5.bxa6 Axa6.









1.f4 e5

A súa idea é abrir liñas e acelerar o desenvolvemento das pezas tras 2.fx5 d6; ten en conta que a primeira xogada branca debilitou a posición do rei.

# A

Identifica a que **gambito** pertence cada unha das posicións que se amosan.



## Valoracións e plans

Introdución

Apertura da posición

Ataque nun flanco con avalancha de peóns


Cambio de pezas

Dominio de columnas

Adaptación do plan

Formular plans iniciais

O plan e a estrutura  
de peóns






# Introducción


O tema da valoración de posicións xa foi introducido na unidade 4 do libro Intermedio 2. Realizar unha correcta valoración permite implantar un bo plan, que estea en correspondencia coas características da posición.

Algúns plans baséanse en características posicionais que se repiten con certa frecuencia, polo cal poden considerarse típicos.


## Exemplo




O factor máis importante desta posición é a base de operacións (ou punto forte) que existe para as brancas na casa d5. A primeira etapa do seu plan é obter o control absoluto dese punto.  
1.Ag5! Te8 2.Axf6 Axf6 3.Cd5



O cambio levou o cabalo ao forte punto central d5, de onde non pode ser expulsado.  
3... Ad8 (3... Dxc2 4.Tf2 Dc5 5.Tc1 seguido de Cc7 ganando material)  
4.c3 b5 5.b3 Dc5+ 6.Rh1 Tc8





O cabalo en d5 e o maior espazo no flanco de rei danlles gran vantaxe ás brancas. O plan é coordinar a acción das súas pezas maiores coa do cabalo para crear ameazas ao rei negro.  
7.Tf3! Rh8 8.f6



As brancas teñen ataque ganador. Hai ameazas como Dh4, seguido de Th3.



# 1

Redondea a letra do mellor plan para as brancas.



- A. Facer unha ruptura inmediata no centro do taboleiro con 1.d4, buscando espazo e apertura de liñas.
- B. A creación dun punto forte para o seu cabalo no centro do taboleiro mediante o avance 1.b5, tras o cal o peón c non poderá manter o control do punto d5.
- C. Buscar a ocupación da casa d5 mediante 1.Da4 (sería posible 2.Cd5 pola cravada do peón c negro) e que, asemade, crea presión sobre o flanco de dama das negras.

- As brancas sacrificaron un peón.
- A. Cambiar alfís en c4 (1.Axc4 Dxc4), seguido de ocupación do punto débil con 2.Cd5.
  - B. Xogar Ah6 buscando cambiar os alfís de casas negras para debilitar o enroque negro e posteriormente atacar avanzando os peóns do flanco de rei.
  - C. Cambiar alfís en c4 (1.Axc4 Dxc4), seguido de 2.Ag5 e posterior cambio do alfil polo cabalo de f6 para fortalecer ao máximo o control do punto forte d5, ocupándoo co cabalo.



Elixe cal secuencia é a mellor para as brancas e xustifica.

- A. 1.b4 g4 2.b5 gxf3 3.bxc6 fxg2 4.Rxg2
- B. 1.h3 Te7 2.Tfe1 Ah5 3.Axf5 Axf3 4.gxf3
- C. 1.Ab5 Te7 2.Axc6 Txc6 3.Txc6 Dxc6 4.Ce5

Selecciona o mellor plan para as brancas para aproveitar a existencia do punto forte en d5. Explica por que as outras opcións non son adecuadas.


- A. 1.Cd5
- B. 1.Ad5
- C. 1.Ag4




# Apertura da posición

Un oponente co rei no centro ou con pouco desenvolvemento invita a planear unha apertura da posición.


## Exemplo




As brancas están mellor polo maior control do centro, unido a un maior desenvolvemento. Conciben o plan de abrir o centro para atacar o rei negro.  
1.d5!



Ameázase e5 seguido de d6. Todas as respostas lles dan gran vantaxe ás brancas:  
a) 1... cxd5 2.exd5 Ae7 3.Af4 0-0  
4.dxe6




ganando un peón (4... Dxe6? 5.Te1 e 6.Txe7 seguido de Axd6).  
b) 1... Ae7 2.e5 Cb5 3.d6




A vantaxe das brancas medrou coa creación dun peón pasado e protexido en d6, ademais ganouse moito espazo. O plan agora sería terminar de mobilizar as pezas e aproveitar o grande espazo e o peón pasado para aumentar a presión.

2




As brancas sacrificaron un peón. Selecciona o mellor plan.

- A. Facer unha ruptura central con 1.e5 para abrir liñas e tras 1...dxe5 retomar 2.dxe5, buscando aproveitar a lixeira vantaxe en desenvolvemento aínda se as negras cambiasen as damas con 2... Dxd1.
- B. 1.Te1 co plan de romper no centro mediante e4-e5, abrindo liñas para desenvolver a súa iniciativa coa torre ben colocada nunha columna central.
- C. Facer unha ruptura central con 1.e5 e, tras 1...dxe5, evitar que o rei negro enroque con 2.Aa3, aínda a custa de sacrificios adicionais de peóns. Logo atacar o rei no centro a través das liñas abertas.




Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. 1.f5 Ce5 2.De2
- B. 1.e5 dxe5 2.fxe5 Cxe5 3.De2
- C. 1.e5 dxe5 2.Cxc6 bxc6 3.fxe5 Cd5 4.Cxd5 cxd5 5.Dxd5



As brancas sacrificaron un peón. Selecciona o mellor plan.

- A. Con 1.e5 gánase espazo no centro e afórrase tempo; asemade, o cabalo de c3 pode ir a e4 para manobrar cara aos puntos débiles en d6 e f6. Ademais, h2-h4 ataca os peóns debilitados do flanco de rei.
- B. Facer unha ruptura con peóns mediante 1.d5, buscando abrir liñas para poder atacar o rei negro aínda sen enrocar e con pezas pendentes de desenvolver.
- C. Desenvolver a súa iniciativa activando o seu cabalo con 1.Ce5 e logo o seu alfil á casa e2, para atacar con f2-f4 a debilitada formación de peóns negra no flanco de rei, buscando abrir a columna f sobre a posición adversaria.



Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. 1.d5 exd5 2.Cxd5 Cxd5 3.Dxd5 Ae7 4.Td1 Dc8 5.Ag5
- B. 1.d5 exd5 2.Te1+ Ae7 3.Cxd5 Cxd5 4.Dxd5
- C. 1.Ag5 Ae7 2.Axf6 Axf6 3.d5 Axc3 4.bxc3 exd5 5.Te1+ Ae6 6.Cd4






# Ataque nun flanco con avalancha de peóns


Con certa frecuencia, o bando que ten unha vantaxe de espazo nun flanco realiza un plan de avance de peóns (“avalancha de peóns” ou “ataque á baioneta”) nese sector para provocar unha ruptura, ganando máis espazo e abrindo liñas para as súas pezas.

## Exemplo




As brancas teñen vantaxe de espazo no flanco de dama. Deciden executar o plan de avanzar o peón **b**, buscando realizar unha ruptura en b5.

1. b4 Ad7 2. Ce5 Ae8 3. a4




O peón **a** avanza para apoiar a ruptura.

3... a6 4. De2 Cd7 5. b5




Finalmente, prodúcese a ruptura en b5.

5... Cxe5 6. Axe5 axb5 7. axb5 Txa1 8. Txa1 f6 9. Ag3 e5 10. Ta7




A torre branca penetra en 7.<sup>a</sup> liña, con ameaza sobre o peón de b7. As brancas están claramente mellor pola súa preponderancia no flanco de dama.

3




Selecciona o mellor plan para as negras.

- A. Atacar con peóns no flanco de rei, logo de cambiar os peóns en e4. Despois, continúaase con h7-h6, seguido de g6-g5, para continuar avanzando primeiro o peón g e despois o peón h.
- B. Atacar con peóns no flanco de rei, logo de avanzar f5-f4, que gana máis espazo no flanco de rei. Despois avanzar o peón g e, eventualmente, tamén o peón h, buscando realizar unha ruptura no punto g4.
- C. Atacar no flanco de dama mediante o plan de romper no punto b5. Isto realízase con a7-a6 seguido de Tb8 e, eventualmente, b7-b5.




Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. 1.g5 hxg5 2.Cxg5 Cf5 3.Dg4 Rb7 4.Th3
- B. 1.Ch4 Rb7 2.f4 a6 3.Thf1 Tc8 4.a3 Cbc6 5.f5
- C. 1.Ch4 Rb7 2.f4 a6 3. g5 g6 4.hxg6 fxg6 5.gxh6



Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. Atacar con avance de peóns no flanco de dama. Para iso, primeiro xogar a2-a3 para preparar o avance b3-b4, desaloxando o cabalo negro de c5. Logo, preparar a ruptura nese mesmo flanco con c4-c5.
- B. Atacar no flanco de dama. Primeiro cámbiase o alfil de e3 polo cabalo de c5, para logo romper no punto b4 con a2-a3 e o apoio de pezas maiores.
- C. Avanzar peóns no flanco de dama. Primeiro inténtase eliminar o cabalo negro forte de c5 mediante un cambio de cabalos (o cabalo de e2 a c1 e d3). Logo realizar a avalancha de peóns empezando con a2-a3, b3-b4 etc.



Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. h3 Ce4 2.f4 T5e7 3.g4
- B. 1.a4 Ce4 2.f3 Cf6 3.Dd3 g6 4.b5
- C. 1.Cb3 h5 2.Ca5 h4 3.a4




# Cambio de pezas

En non poucas ocasións, certa fase dun plan está relacionada co cambio dunha peza propia pouco activa por unha máis activa do adversario.


Isto é particularmente frecuente en relación co cambio dun alfil débil propio por un alfil forte do adversario (reparar unidade 4 do libro Intermedio1).

## Exemplo




Dos dous alfís de casas negras, o negro é débil e o branco é forte. As negras realizan un plan que se basea en combinar a ruptura f7-f5 coa idea de cambiar o seu alfil débil.

1... Rh8 2.Tb1 Cg8




A retirada do cabalo ten un dobre obxectivo: libera o camiño do peón f e apoia o movemento Ah6.

3.b4 axb4 4.axb4 f5 5.f3 Ah6




Compleouse a idea. Se agora 6.Ah4 o alfil negro se volve moi activo con 6... Ae3.

6.Axh6 Cxh6 7.0-0 De7




Hai oportunidades para ambos os bandos; as brancas atacarán no flanco de dama mentres as negras tratarán de facelo no flanco de rei.

4




Selecciona o mellor plan para as negras.

- A. Dobrar torres na columna c para estar preparado para cambiar as torres a través da única columna aberta; realizalo con 1...Tac8 para seguir con Tc7 e Tfc8.
- B. Cambiar os alfís de casas brancas mediante 1...a6 para seguir con Ab5. Despois de eliminarse, o cabalo negro será moi forte na casa e4.
- C. Cambiar os alfís de casas brancas movendo o cabalo negro cara a d6 (primeiro 1...Ce8 e logo Cd6) seguido de Ab5. Despois de eliminárense estes alfís, o cabalo negro será moi forte na casa e4.




Selecciona o mellor plan para as negras.

- A. 1...Ab5+ 2.Cxb5 axb5 3.Db2 Ta6 4.Tfc1 Da8
- B. 1...h5 2.Tfc1 Af6 3.Ca4 Tb8 4.Tc7 Tg7
- C. 1...Db8 2.Tfc1 Af6 3.Ca4 Ad8 4.Db3 b5 5.Cb2 Ab6



Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. Reforzar a presión na columna d dobrando pezas maiores con Td3 e Dd1 seguido dunha resituación do cabalo cara a c3 e, eventualmente a e2, para apoiar unha ofensiva no flanco de rei coa ruptura f2-f4.
- B. Buscar o cambio de alfís de casas brancas (xa que o alfíl das brancas está limitado polos seus propios peóns centrais e ademais desafortunadamente desaprécianse as negras da parella de alfís) mediante 1.Af3 para continuar con Ag4.
- C. Buscar o cambio de alfís de casas brancas mediante 1.h4 seguido de Ah3.



Selecciona o mellor plan para as brancas.

- A. 1.Dc2 f5 2.exf5 Dxf5 3.Cb3
- B. 1.Db5 Dxb5 2.axb5 Axb2 3.Tab1 Ad4 4.Cc4
- C. 1.Da3 f5 2.exf5 Dxf5 3.Tad1




# Dominio de columnas

É típico nalgunas posicións realizar un plan para abrir e dominar unha columna.


Introducíronse os primeiros conceptos na unidade 3 do libro Intermedio 1.

## Exemplo




Polo momento, as pezas maiores brancas non teñen forma de penetrar. O plan das brancas é abrir e dominar a columna a.

1.a4 Rc7 2.Ta2




Típico, dóbranse as torres na columna a antes de abrila para, unha vez aberta, poder dominala.

2... Thb8 3.Tda1 Dd8 4.axb5 axb5 5.Ta7+



A torre logra penetrar en 7.<sup>a</sup> liña.


5... Txa7 6.Txa7+ Tb7 7.Da2! Dd7 8.Da5+ Rc8 9.Da6+




A entrada das pezas pola columna foi decisiva. As negras están perdidas, pois se 9... Rc7 10.Ta7+ mentres que se 9... Db7 10.Cxd6+.

5


Selecciona o mellor plan para as brancas. Xogan brancas.




- A. Buscar a apertura da columna a mediante 1.a4
- B. Buscar a apertura da columna h mediante 1.h4
- C. Buscar a apertura da columna c mediante 1.c4



- A. Buscar a apertura da columna f mediante 1.f4
- B. Buscar a apertura da columna h mediante 1.h4 coa intención de seguir con 2.h5 e, eventualmente, cambiar hxg6.
- C. Buscar a apertura da columna d mediante 1.d4



- A. 1.f4 exf4 2.Txf4 Cd7 3.Tbf1 Ce5 4.b3
- B. 1.b4 b6 2.bxc5 bxc5 3.Tb6
- C. 1.Ca4 b5 2.cxb5 axb5 3.Cc3



- A. 1.c4 Cb6 2.Cd2
- B. 1.e5 dxe5 2.Dxe5
- C. 1.h4 Cb6 2.h5






# Adaptación do plan


É practicamente imposible xogar unha partida completa cun só plan de principio a fin. A forma na que responde o noso adversario a miúdo fai necesaria a adaptación do plan ou incluso a concepción dun novo plan, pois as características da posición van cambiando.

Os xogadores adoitan planificar o desenvolvemento do xogo un certo número de xogadas. Máis alá destas, haberá que formular novos plans ou etapas sucesivas do plan orixinal.


## Exemplo




As brancas conciben inicialmente un plan para progresar: ganar espazo na ala de dama, cambiar o cabalo polo alfil e controlar a columna aberta **b**.  
1.g4! Ag6 2.c5! (gánase espazo e obtense un punto forte para o alfil en d6).



O aparente debilitamento do enroque branco non é aproveitable.  
2... Ce4 (con idea de Cd2 seguido de Cc4) 3.f3 (agora cambiar Cxg6 permitiríalle ao cabalo negro instalarse sólido en c4) Cd2 4.Tf2 Cc4



As brancas adaptan o seu plan; é preferible cambiar cabalos debilitando os peóns negros que cambiar o cabalo polo alfil permitindo a presenza permanente do forte cabalo en c4.  
5.Cxc4! dxc4 (este peón queda illado e perderase) 6.Ad6 Te8 7.e4!



Evita a ameaza Ad3 e restrinxe a actividade do alfil negro. As brancas teñen clara vantaxe posicional: o alfil branco evita totalmente a actividade das torres negras e o peón **c** negro perderase. A próxima fase do plan é atacar e capturar o peón **c**.




# Formular plans iniciais

Ao terminar de se realizaren as xogadas teóricas coñecidas da apertura, é un bo momento para formular un plan inicial.

Xeralmente, unha secuencia de xogadas iniciais na apertura é recoñecida como correcta pola teoría cando a experiencia da práctica dos grandes mestres así o demostrou.


## Exemplo

Apertura Ruy López. Variante Chigorin



1.e4 e5 2.Cf3 Cc6 3.Ab5 a6 4.Aa4 Cf6  
5.0-0 Ae7 6.Te1 b5 7.Ab3 d6 8.c3 0-0  
9.h3 Ca5 10.Ac2 c5 11.d4 Dc7 12.Cbd2  
Cc6


As brancas teñen agora varios plans posibles con respecto ao centro (ver páx. 29 do libro Intermedio 2): cerralo con d5, abrílo con dxc5 ou manter a tensión. Analizárase o peche do centro: 13.d5 Cd8.



Cando o centro está cerrado, a acción trasládase aos flancos.


Un plan posible para as brancas é atacar no flanco de rei con avance de peóns e concentración de pezas nese sector.

14.Cf1 Ce8 15.g4 g6



As brancas ganaron espazo co avance g2-g4 e agora concentran forzas nese sector:

16.Ah6 Cg7 17.Cg3 f6! 18.Rh1 Cf7  
19.Ae3 Rh8 20.Tg1 Ad7



As brancas prepararon a súa ofensiva no flanco de rei, pero as negras tamén manobraron correctamente para non permitir o ataque.

A posición é equilibrada.



# 6

Indica a valoración correcta de cada posición tendo en conta os elementos posicionais estudados na unidade 4 do libro Intermedio 2. Selecciona cal ou cales dos plans propostos para as brancas se corresponden coas características da posición.

## Defensa siciliana Variante dragón



### Valoracións

- A. As negras están mellor porque teñen parella de alfís nunha posición aberta.
- B. As brancas teñen vantaxe porque posúen máis espazo no centro e a posibilidade de situar un forte cabalo en d5.
- C. A posición é aproximadamente equilibrada.

### Plans

- A. Cambiar cabalos en c6 para, a continuación, forzar o cambio de alfís de casas negras con Ah6, tras o cal se eliminou a parella de alfís das negras; despois buscar xogo no centro e flanco de rei, mobilizando a torre de dama cara ao centro e avanzando oportunamente f2-f4.
- B. Iniciar unha ofensiva de peóns no flanco de dama con base en 1.a3 seguido de b4 para crear ameazas nese sector, no cal as negras están restrinxidas.
- C. Atacar no flanco de rei mediante 1.f3 seguido de 2.g4 cando se retire o alfil, e continuar despois con h4-h5, precedéndoo de Rg2 para colocar a torre en h1, apoiando o avance do peón h.
- D. Xogar f4 buscando ganar espazo no centro e no flanco de rei, á vez que se ameaza encerrar o alfil de g4 con f5 seguido de h3. Eventualmente, despois presionar no flanco de rei avanzando f4-f5, unido á centralización da torre de dama e unha posible ocupación da casa d5 co cabalo.

## Apertura Ruy López Variante do cambio diferido



### Valoracións

- A. As brancas están claramente mellor pola súa mellor estrutura de peóns, cun só grupo de peóns e sen peóns dobrados, mentres as negras teñen dous grupos de peóns e peóns dobrados na columna c.
- B. A posición está aproximadamente equilibrada, pois a mellor estrutura de peóns branca é compensada polos dous alfís das negras.
- C. As negras están mellor pola súa parella de alfís e a columna semiaberta d que teñen á súa disposición para exercer presión coas súas pezas maiores.

### Plans

- A. Realizar unha ofensiva de peóns no flanco de dama, iniciando con 1.Ad2 para seguir posteriormente con b2-b4, a2-a4, Tb1 e despois romper con b4-b5.
- B. Exercer presión coas pezas no flanco de rei mediante a manobra Ch4-f5 combinado coa incorporación da dama cara ao flanco de rei (diagonal d1-h5) e un eventual rompemento con f2-f4 nun momento propicio.
- C. Preparar unha ofensiva con peóns no centro mediante 1.c3 para apoiar un subseguinte d3-d4 e, posteriormente, desenvolver o alfil a e3 e a dama a c2 ou e2, para traer as torres ás columnas centrais. Unha vez despregadas todas as forzas, definir, en función das circunstancias, que facer coa tensión no centro.
- D. Desenvolver o alfil por fianchetto con 1.b3 e 2.Ab2 para combinalo cunha eventual ruptura f2-f4, xa sexa con apoio previo do peón g (g2-g3) ou sen el. Para lle abrir o camiño ao peón f, o cabalo de rei vai a h4 e o outro, eventualmente, manobra a e3, desde onde ambos vulneran o punto f5.

7

Indica a valoración correcta de cada posición tendo en conta os elementos posicionais estudados na unidade 4 do libro Intermedio 2. Selecciona cal ou cales dos plans propostos para as brancas se corresponden coas características da posición.

Defensa india do rei  
Variante iugoslava



Valoracións

- A. As brancas están claramente mellor pola súa vantaxe de espazo no centro e non debilitar o seu enroque, o cal fai que o seu rei estea máis seguro.
- B. A posición é de oportunidades para ambos os bandos, sen marcada superioridade para ningún.
- C. As negras están mellor porque poderán atacar rapidamente no flanco de rei mediante a ruptura f7-f5 despois que despxen o camiño dese peón movendo o cabalo de f6.

Plans

- A. Cambiar alfís de casas negras con 1.Ad2 seguido de Dc1 e Ah6; despois atacar o enroque negro aproveitando a debilidade nas casas negras, mediante h2-h4 seguido de Ch2, coa intención de colocar o cabalo en g4.
- B. Tomar a iniciativa no flanco de rei cunha rápida ruptura f2-f4, abrindo liñas sobre o enroque negro para atacalo. Iníciase quitando o cabalo de f3 mediante 1.Cd2 seguido de 2.f4. Despois de que se abran liñas no flanco de rei, o cabalo volverá a f3 e terminarase o desenvolvemento do flanco de dama, para concentrar máis pezas no flanco de rei.
- C. Atacar no flanco de dama, área na que as brancas contan con máis espazo, mediante a ruptura c4-c5 debidamente preparada. Iniciar o plan con 1.b4, que gana máis espazo nese sector á vez que prepara a ruptura c5. Despois de abrir liñas na ala de dama, penetrar coas pezas, en particular coas pezas maiores, a través de columnas que se abran.
- D. Enfrontar unha eventual ruptura das negras en f5, mediante cambio de peóns en f5. Se as negras recapturan con peza, facer uso do punto forte que xurdirá en e4 para a instalación de pezas menores. Se recapturan con peón, xogar f2-f4 para frear a expansión das negras nesa zona. Iniciar o plan con 1.Ce1 para lle despxer o camiño ao peón f, á vez que se manobra co cabalo cara a d3, desde onde estaría apoiando unha eventual ruptura c4-c5 e, ademais, podería dirixirse cara a e4 vía f2 (logo de mover o peón f).

Defensa eslava  
Variante do cambio



Valoracións

- A. As brancas están mellor pola posición máis activa do seu alfil e dama.
- B. As oportunidades son equilibradas para ambos os bandos, fundamentalmente pola simetría da estrutura de peóns.
- C. As negras están mellor porque o seu alfil é máis efectivo ca o alfil das brancas.

Plans

- A. Enrocar longo para, en caso de enroque curto por parte das negras, atacar no flanco de rei con avance de peóns h3 seguido de g4 e posterior avance masivo nese sector.
- B. Enrocar curto e situar unha torre na columna c para loitar polo control desa columna aberta e intentar obter superioridade nese sector.
- C. Abrir o centro de inmediato coa ruptura 1.e4, buscando maior actividade para as pezas e maior espazo no centro para manobras.
- D. Xogar Ce5 propoñendo cambio de pezas menores, enrocar curto e loitar polo dominio da columna c coas torres.



# O plan e a estrutura de peóns

Con frecuencia sucede que a estrutura de peóns existente inflúe significativamente sobre o plan que debe levarse a cabo.

Isto pode observarse claramente nas páxinas de teoría desta mesma unidade.

## Exemplos




Posición de carácter pechado. O plan típico das brancas é atacar no flanco de dama mediante ruptura c4-c5, mentres o das negras é atacar no flanco de rei con ruptura f7-f5.



Posición de carácter cerrado. Os plans típicos das negras teñen como base atacar o centro de peóns brancos con base das rupturas c7-c5 o f7-f6. Ás veces, realízanse ambas as rupturas.




Posición de carácter semiaberto. Un plan típico das brancas é o chamado "ataque minoritario", que consiste na ruptura b4-b5.




Chámase "minoritario" porque nese sector as brancas teñen menos peóns ca as negras (peóns brancos a e b contra peóns negros a, b e c). No libro Avanzado 2 afondarase no "ataque minoritario".

8

Valora cada posición tendo en conta os elementos posicionais estudados na unidade 4 do libro Intermedio 2.  
Elixe dos tres enunciados que aparecen á dereita de cada diagrama o que sexa máis correcto.



- A. As negras están algo mellor, pola forte posición do alfil negro en e5 e a colocación da torre na columna aberta e, máis a maioría de peóns no flanco de rei. As brancas deben buscar o cambio dos alfís de casas negras para, posteriormente, disputar o control da columna e, quitando o alfil de e2 e situando as torres na dita columna. O movemento para iniciar o dito plan é 1.Ad4, eventualmente o alfil de rei retirárase a f1 e as torres brancas ocuparán a columna e.
- B. A posición está aproximadamente igualada. O plan das brancas é cambiar os alfís de casas negras e buscar un ataque no flanco de rei penetrando polas casas negras que quedan debilitadas. Este plan débese comezar con 1.Ad4 para despois penetrar coa dama vía h6 e a torre de dama vía d4-h4.
- C. As brancas están mellor esencialmente pola forte maioría de peóns no flanco de dama, ben apoiada e avanzada, que lle outorga vantaxe de espazo nese sector e a posibilidade de pasar algún peón rapidamente. O plan xeral é avanzar peóns no flanco de dama para crear un ou máis peóns pasados. O movemento inicial para o dito plan é 1.Ab6 para descolocar a dama negra, seguido de Tc1 e a ruptura c4-c5.




- A. A posición é aproximadamente igualada porque o peón de máis que teñen as brancas está dobrado e ademais as negras teñen a parella de alfís. O mellor plan é non cambiar damas, xogar 1.Db3 defendendo o peón de c2. Posteriormente, desenvolver o alfil e modificar a posición dos peóns do flanco de dama, avanzando o peón de c3 a c4 e o de b2 a b3.
- B. As brancas teñen vantaxe pola forte posición do seu peón en e5 e as perspectivas que teñen de atacar no flanco de rei grazas ao maior espazo e á facilidade con que poden concentrar forzas nese sector. O mellor plan é atacar o enroque das negras comezando por incorporar a dama branca con 1.Dh4. A idea primaria é continuar Ah6 seguido de Cg5, o cal é unha grave ameaza ao rei negro.
- C. As brancas teñen gran vantaxe, esencialmente polo seu peón de máis. O seu mellor plan é cambiar as damas 1.Dxe8 e explotar a vantaxe material no final.




# 9

Valora cada posición tendo en conta os elementos posicionais estudados na unidade 4 do libro Intermedio 2.

Elixe dos tres enunciados que aparecen á dereita de cada diagrama o que sexa máis correcto.



- A. A posición é mellor para as negras pola debilidade do peón **c** na columna semiaberta despois de que as negras cambien os alfís. O mellor plan é buscar o cambio de alfís de inmediato con 1...Ab5, sen temer 2.Axb5 axb5, xa que é máis importante a presión na columna **c** e o punto forte que se crea na casa **c4** para as torres negras ca o dobramento do peón.
- B. As brancas están mellor pola súa vantaxe de espazo no flanco de dama e centro, ademais de que teñen un alfil superior ao alfil malo das negras. Como intentar cambiar os alfís con 1...Ab5 provocaría peóns dobrados débiles tras 2.Axb5 axb5, o mellor plan das negras é dobrar torres na columna **c** para xerar presión sobre o peón **c** e, posteriormente, xogar **De8** para intentar o cambio de alfís con Ab5.
- C. A posición é aproximadamente igualada porque a vantaxe de espazo negra no flanco de rei compensa o seu menor espazo en centro e flanco de dama e o superior alfil. O mellor plan das negras é atacar no flanco de rei con avance de peóns apoiados polas pezas maiores; para iso comenzar con 1...f4 e, eventualmente, situar a dama en **g7** e dobrar torres na columna **f**, sumado ao posterior avance do peón **g**.



- A. A posición é igualada porque o maior espazo das negras e a posición do cabalo en **e4** compensan pola eventual debilidade da casa **e5**. O mellor plan das brancas é manobrar tranquilamente para mellorar a posición das súas pezas con 1.Cg3 seguido de **Te2** e dobrar torres na columna **e** buscando futuras simplificacións.
- B. A posición é vantaxosa para as brancas porque a debilidade da casa **e5** será, co tempo, máis importante ca o maior espazo e a situación do cabalo en **e4**. O mellor plan das brancas é obter un control completo da casa **e5** e eventualmente desalojar o cabalo negro de **e4** mediante **f2-f3**. A primeira xogada é 1.Ab5 para eliminar o defensor de **e5**.
- C. A posición é igualada polas razóns mencionadas no punto A. O plan das brancas debe estar baseado nun xogo dinámico no centro mediante a oportuna ruptura **c3-c4**. Para iso, faise primeiro a preparatoria 1.a3 (para evitar **Cb4** con dobre ameaza).

# A defensa

Defensa activa e pasiva

Economía de recursos

A simplificación

O cambio da peza atacante máis perigosa

O reforzamento das debilidades

O contraxogo

O sacrificio defensivo

O contrasacrificio

O peche ou control das liñas de ataque

A reacción central contra o ataque de flanco

A xogada intermedia

Temas defensivos varios








## Defensa activa e pasiva


Defender non resulta, xeralmente, tan atractivo como atacar. Pero é igual de importante.

A defensa pode ser **activa** ou **pasiva**. É activa cando se basea no contraxogo, na creación de contraameazas. É pasiva cando só se ocupa de evitar o dano das ameazas do adversario.


### Exemplos




Esta posición é unha “fortaleza” para as brancas. Abonda con mover o alfil de g4 a f5, e viceversa, para acabar en táboas. É un exemplo de defensa pasiva de éxito e amosa a tendencia a táboas dos finais con alfis de distinta cor.



Esta é unha “fortaleza” para as negras. O rei branco non pode avanzar. A torre move entre e6 e c6. Se o rei negro recibe xaque, móvese entre a 7.<sup>a</sup> e a 8.<sup>a</sup> liña, controlando d8. A partida acaba en táboas con defensa pasiva.




Se as negras esperan pasivamente, o rei branco achégase para apoiar o peón pasado de a6 e gana. É necesario adoptar medidas activas. Capturar o peón de f4 é malo: 1... Ta4 2.Rb3! Txf4 3.a7 ganando.




A defensa correcta é crear contraxogo sacrificando un peón para lograr un peón pasado. Esta é unha defensa activa: 1... g5! 8.fxg5 f4 9.Rd2 f3 10.Tb7+ Rg6 11.a7 Ta2+ 12.Re1 Rf5 13.Tf7+ Rg6 14.Txf3 Txa7 con posición de táboas.

## 1


Sinala de que forma o xogador indicado por un círculo debe defenderse.




- A.** Mantendo a posición da súa estrutura de peóns e só evitar que as negras poidan atacar o peón de f2 con rei e dama á vez .
- B.** Emprendendo accións activas no momento oportuno co seu peón f para cambialo polo peón g e diminuir a cantidade de peóns no taboleiro.



- A.** Xogando 1... Ca7 para loitar contra a promoción do peón a.
- B.** Xogando activamente con 1... Cd4 para contraatacar con torre e cabalo o rei branco.



- A.** Mantendo unha torre en e6 e a outra en 8.<sup>a</sup> horizontal e defendendo o punto f7 en cada momento en que sexa necesario.
- B.** Pasando rapidamente ao contraxogo activo coa torre que se encontra en f8, para penetrar na 3.<sup>a</sup> horizontal e atacar o peón de g3.



- A.** Con 1... Rc8, para intentar crear unha fortaleza no final de reis e peóns tras 2.Td8+ Dxd8 3.Axd8 Rxd8 4.gxh3.
- B.** Con 1... Cf4, para pasar a un final de alfil contra cabalo recuperando un peón tras 2.Td8+ Dxd8 3.Axd8 Cxd5.







# Economía de recursos

Utilizar o mínimo de recursos que permiten garantir unha defensa satisfactoria nun sector do taboleiro é sumamente importante. Isto permite utilizar o resto dos recursos noutras funcións, xa sexa defender outro sector ou lanzar un contraataque.


## Exemplo




As brancas ameazan Dxh7++.  
Hai 3 posibles defensas:  
1... h6, 1... Dg8 y 1... Ae4.



O máis económico parecería  
1... h6, pero debilitanse os peóns do  
enroque e refútase de inmediato con  
2.Axh6! gxh6 3.Txf7.




A defensa con 1... Dg8 é factible, pero  
dedícase unha peza tan poderosa  
como a dama á defensa dun peón e  
sitúase nunha posición con poucas  
posibilidades de xogo.



A defensa con 1... Ae4 é a máis eco-  
nómica das factibles. En caso neces-  
ario, o alfil sitúase en g6, desde onde  
defende tamén o peón de f7 e expulsa  
a dama branca de h5.


2

Elixe que forma de defender che parece máis conveniente e xustifica a resposta.




As brancas ameazan capturar o peón de c6.

- A. Dc7
- B. Tc7
- C. Ca7
- D. Ce7




As brancas ameazan capturar Dxh7+.

- A. Dh5
- B. Cf8
- C. g6
- D. h6



As brancas ameazan capturar o peón de e6 con xaque.

- A. Te8
- B. Rf7
- C. Ac8
- D. Te7



As brancas teñen, aparentemente, múltiples ameazas (Dxe4, Txg7+, Axc7) que é imposible defender dunha soa vez.

- A. Cf6
- B. Dd5
- C. Te8
- D. Df4




# A simplificación


A eliminación das pezas atacantes mediante o cambio é probablemente o método máis claro e lóxico para defenderse.

Non obstante, non sempre hai posibilidade de aplicar este método.


## Exemplo




As brancas ameazan sacrificar Axh7+ seguido de Dh5+ e Th3 con mate rápido. Por outro lado, o cabalo branco de e5 podería eventualmente ocupar a forte casa c6 (cando o cabalo de b4 sexa forzado a moverse).



1...Cxd3 (elimínase o perigoso alfil mediante un primeiro cambio) 2.Txd3




2...Cxe5 (elimínase o cabalo que ameazaba instalarse en c6 mediante un segundo cambio) 3.dxe5 De8



As negras conxuraron as principais ameazas. Agora 4...Td7 non logra nada por 4...Td8! simplificando máis. Se 4.Db3 (que defende o peón de b5), 4...Td8 disputando a columna e provocando máis simplificación.


## 3

Indica ou elixe a mellor opción defensiva entre as xogadas propostas e xustifica a resposta.




As brancas teñen ameazas perigosas como Cf5 ou un ataque á descuberta sobre a dama negra.

- A. g6
- B. Da4
- C. Dg4
- D. Tfd8




As brancas teñen unha gran concentración de pezas centralizadas, apuntando cara ao enroque negro.

- A. 1... Ad6 2.Tad1 Axe5 3.Dxe5 Db8
- B. 1... Cd7 2.Af4 Cc5 3.Tad1 Cxd3 4.Txd3 Dc8 5.Tg3
- C. 1... a6 2.Tad1 Dc8



A torre branca ameaza tanto a dama como o cabalo, ademais de mate con Tf8+ e Df6++. Se a dama se retira a e6, as brancas capturan o cabalo e quedan con peón de vantaxe.

Existe unha solución defensiva para as negras?



As brancas teñen ameazas perigosas sobre o rei negro a través da columna h.


- A. Axf6+
- B. Dc4
- C. Af6
- D. Tfe8



# O cambio da peza atacante máis perigosa


Ás veces, non é posible unha simplificación ampla, pero si cambiar a peza máis activa e perigosa do bando atacante, de forma tal que as súas posibilidades ofensivas diminúen significativamente.

## Exemplos




O alfil branco en d4 é moi activo e en combinación co avance g2-g4-g5 pode ser moi perigoso para o enroque negro.


Non pode ser desaloxado con 1... c5 debido a 2.Axf6 seguido de Cxd5.



1... Cd7 2. Tae1 Af6! e, co cambio de alfís, as negras obteñen unha posición satisfactoria ao privar o seu rival da forza do alfil de d4.




As negras teñen un peón de vantaxe, pero hai serias ameazas das brancas, como Ce7+ seguido de Cxc8 e tamén Dg5 cun ataque moi forte. 1... Db6! cambiando a forte dama branca (non 1... Dxe5? por 2.Dxe5 Cxe5 3.Ce7+ Rh8 4.Cxc8).



2.Ce7+ Rh8 3.Dxb6 Cxb6 4.Cxc8 Cxc8 (diagrama). As brancas recuperarán o peón, pero as negras lograron eliminar o perigoso ataque.


## 4

Indica ou elixe a mellor opción defensiva entre as xogadas propostas e xustifica a resposta.




O rei negro está seriamente ameazado, con posibilidades como Dh6 ou Txh5.

- A. Cf4+
- B. Af8
- C. Ae7
- D. Af4




- A. De8
- B. Ab4
- C. Aa6
- D. e5



A dama e a torre negras, co apoio do cabalo en b4, exercen unha presión molesta sobre o peón branco en a2.

Cal é a forma directa de aliviar esa presión? Aмосa polo menos unha variante.



As brancas pretenden desenvolver unha iniciativa no flanco de rei apoiándose na activa posición da dama branca en f4, de onde non pode ser desaloxada polas pezas menores negras.


Encontra unha forma de contrarrestar a actividade da dama branca.



# O reforzamento das debilidades


En ocasións, o que require a defensa dunha posición é resituar unha ou varias pezas de forma tal que defendan satisfactoriamente as debilidades.

## Exemplos




As casas brancas do enroque branco quedaron moi débiles polo avance g2-g3. Para reparar esa debilidade traen o alfil de b3 cara ao flanco de rei:


1.Ad5! Af5 2.De3 Tad8 3.Ag2



A manobra completouse e as casas brancas do enroque quedaron definitivamente reforzadas.




As negras ameazan Th6 con ataque sobre o punto débil do enroque h2. 1.Ac7!, o alfil reforza a defensa do punto h2.



1... Th6 (se ameaza 2... e5) 2.Ag3! (tamén é boa 2.Af4) e o enroque branco queda solidamente defendido.


## 5

Indica ou elixe a mellor opción defensiva entre as xogadas propostas e xustifica a resposta.




O cabalo branco está ameazado.

- A. Cb6
- B. Cd2
- C. Ca5
- D. Ca3




O peón de d6 é débil porque está atrasado na columna semiaberta d. As brancas ameazan triplicar pezas maiores nesa columna para atacar a debilidade.

Cal é a forma máis económica e segura que teñen as negras de defender ese peón?



Como deben xogar as brancas para defender satisfactoriamente a debilidade do seu peón en b2, que ameaza ser capturado con Ca4 seguido de Tcb8?



O peón de g2 é obxecto de ataque por parte das negras na columna semiaberta g. A ameaza negra é Tcg8 dobrando torres e ganando o peón. Como deben manobrar as brancas para evitar perder o peón?






# O contraxogo

Hai posicións en que unha defensa pasiva é errónea, pois o adversario pode reforzar comodamente o seu ataque con medios que lle permiten vencer a resistencia. Nesas situacións é fundamental xerar contraxogo.


“Atacar é a mellor defensa” di un coñecido aforismo.

## Exemplos




As brancas teñen vantaxe de espazo na ala de rei, que intentan aproveitar para atacar nese sector. As negras necesitan crear contraxogo para evitar que o seu adversario reforce o seu ataque tranquilamente:


1... Db8 2.b3 Db4



A dama negra actívase, comunícanse as torres e prepárase o contraxogo na columna central d: 3.f3 Tfd8 4.Rf2 Ac5 e as negras teñen xogo activo no centro (ameázase Txd2, tamén dobrar torres na columna d).




As brancas teñen unha posición ameazante das súas pezas cara ao enroque adversario; non obstante, ao non haber unha ameaza inmediata, as negras contraatacan no flanco de dama 1... a5! (ameaza b4 seguido de captura do peón e) 2.e5 dxe5 3.Axe5



3... g6! (no 3... b4 por 4.Ce4; agora b5-b4 volve ser unha ameaza, agora posicional) 4.Ce2 Ce4 5.Dh3 Db6 con vantaxe posicional das negras.


## 6

Responde as preguntas formuladas para cada posición e xustifica.




As negras teñen un peón de vantaxe, pero as brancas teñen alfis moi fortes. A ameaza das brancas é reforzar o seu ataque levando a súa dama e alfil branco cara ao flanco de rei (por exemplo, Df4 seguido de Dg5 ou Dh6 e Ac2 ou Ad1).

Como deben as negras crear contraxogo para evitar ser vencidas no flanco de rei?




O peón débil en d6 está ameazado e defendelo con Ce8 deixa fóra de xogo á torre de f8. As negras teñen unha forma dinámica de crear contraxogo que é superior á defensa pasiva.

Cal é?



O ataque sobre o rei negro parece decisivo. Ameázase Dxb7++; o alfil non pode ser capturado por Cb6++, o punto b7 non pode ser defendido con 1...Dc7 por 2.Cb6+ , nin con 1...Db8 por 2.Ad7+ Txd7 3.Cb6+ Rc7 4.Txd7+ ganando as brancas en ambos os casos.

Poden as negras lanzar un contraataque que impida a derrota?



As negras teñen un peón de vantaxe. O alfil branco está ameazado e debe moverse; ten dúas opcións:

- Defender o peón de f2 con 1.Ae3.
- Xogar ao contraataque con 1.Ae5, sen defender f2.

Cal é a mellor defensa nesta situación?

Indica algunhas variantes.




# O sacrificio defensivo


En ocasións, a mellor forma de se defender é mediante o sacrificio de material. Xeralmente con isto búscase conxurar as ameazas do adversario e obter algún tipo de compensación.

No primeiro exemplo que se amosará, un dos aspectos positivos do sacrificio é que as torres brancas quedan sen columnas abertas a través das cales actuar.


## Exemplos




Os peóns dobrados e illados negros na ala de dama son débiles. O peón de c5 é facilmente atacable con Ca4 e Df2. As negras sacrifican a calidade para arranxar a situación dos seus peóns: 1...Td4!



2.Ce2 Ac8 3.Cxd4 cxd4 4.Af2 c5  
Ademais de arranxar a súa estrutura de peóns, obtiveron un peón pasado protexido en d4; as negras teñen boa compensación pola calidade sacrificada.




As brancas ameazan mate en g7; se 1...Cg6 2.h5 é forte. A mellor defensa é sacrificar a calidade para eliminar o forte alfil e capturar ademais un peón no flanco de dama: 1...Txd4! 2.cxd4 Dxb2



As negras eliminaron as ameazas inmediatas, teñen ademais un peón de compensación material e os peóns brancos en a3 e d4 son débiles.


## 7

Responde as preguntas formuladas para cada posición e xustifica.




As brancas teñen un perigoso ataque no flanco de rei, con forte concentración de pezas nese sector e a posibilidade eventual dun sacrificio de alfil en g6.

Encontra unha forma satisfactoria en que as negras poden quitar definitivamente os perigos do ataque branco.




As brancas contan cunha forte ameaza de ataque sobre o rei negro con Cg5 en busca do mate.

Como poden as negras defenderse?



As brancas están atacando fortemente o enroque adversario.

Cal é a mellor forma de defenderse que teñen as negras?



O ataque das brancas parece facilmente ganador (entregaron previamente unha torre). Non obstante, hai recursos aínda para opoñer forte resistencia.

Cal é a mellor defensa das negras?




# O contrasacrificio


Con frecuencia, sucede que a forma correcta de defenderse ante un ataque para o cal o adversario sacrificou material consiste en devolver todo ou parte dese material.

Coa devolución do material lógrase xeralmente eliminar forzas atacantes ou ganar tempo para despregar recursos defensivos.


## Exemplos




As brancas sacrificaron unha peza. Se as negras intentasen mantela, fracasarían (1...Cc6 2.d7+ Rc7 [2...Rb8 3.d8=D+ é vantaxoso para as brancas] 3.Cd5+! Rxd7 4.Cb6+ ganando material). O mellor é devolver a peza: 1...f6! 2.dxe7 Axe7



3.Cd5 Ad8 4.Ae3 b6 e o final está igualado.




As negras sacrificaron unha torre para chegar a esta posición en que o mate con Da1 parece ser inevitable. Non obstante, as brancas sálvanse cun contrasacrificio que conduce a xaque perpetuo: 1.Tg8+! Cxg8 2.Txg8+ Rxg8 3.Dg5+



3...Rh8 4.Df6+ Rg8 5.Dg5+ e táboas por xaque perpetuo.


## 8

Elixe a mellor opción defensiva entre as xogadas propostas e xustifica a resposta.




As brancas sacrificaron un alfil para obter esta posición na cal ameazan mate con Dh7+. 1...Td8 non é defensiva porque hai mate tras 2.Dh7+ Rf8 3.Dh8++.

Cal é a única defensa das negras?




As brancas sacrificaron un alfil por dous peóns para obter esta posición de ataque. O rei negro está en serio perigo.

Cal é a mellor defensa das negras?



As negras sacrificaron un alfil e teñen un forte ataque sobre o enroque branco. A torre en f3 non pode ser capturada e ameázase Txh3 ganando (se 1.Ta3 d3!). Non é posible 1.Axe6+ por 1...Txe6 ganando.

De que forma poden defenderse as brancas?



As brancas sacrificaron calidade e dous peóns, a cambio teñen un ataque moi forte, o rei negro non pode fuxir do centro e o xogo das negras está paralizado. Non é posible capturar o forte caballo de e6 con 1...fxe6 porque reciben mate rápido con 2.Ag6+ Re7 3.Cd5+! exd5 4.Te1+. As negras non poden quedar á espera porque as brancas teñen ameazas como Te1 e Cd5.

Como poden as negras defenderse con éxito?





# O peche ou control das liñas de ataque

As liñas abertas son as vías a través das cales se realizan os ataques. Para o bando defensor é aconsellable manter esas liñas cerradas ou bloquealas.

Se non se poden manter as liñas pechadas, entón outras alternativas son disputar o control das liñas ou minimizar o efecto que teñen esas liñas en poder do adversario.



## Exemplos



Se lles tocasse xogar ás brancas, intentarían abrir a columna a xogando 1.b5 seguido de 2.a5 (tamén 1.a5 directo é interesante pois a 1...b5 podería seguir 2.a6 e o peón de b5 queda algo débil).

1...a6! defensa preventiva típica contra a apertura de columnas.


Agora as brancas non poden abrir ningunha columna na ala de dama: se 2.a5 b5! cerrando; se 2.b5 a5! tamén cerrando.



As brancas ameazan g4-g5, seguido de h4-h5, forzando polo menos a apertura dunha columna no flanco de rei. As negras aplican unha defensa preventiva similar ao caso anterior: 1...h6!


Agora as brancas non poden abrir columnas: se 2. g5 fxg5 3.hxg5 h5! e se 2.h5 g5.

## Exemplos




O alfil de b7 exerce unha forte presión sobre o enroque branco.

As brancas pechan a diagonal con 1.d5! (non 1.f3 por 1...Axf3!) exd5 (trata de abri-la novamente tras 2.cxd5 Dd6 e capturar en d5) 2.c5!



As brancas manteñen a diagonal cerrada e ameazan agora cxb6 (eventualmente capturar o cabalo con gxh3 pode tamén ser unha ameaza).


As brancas teñen vantaxe.



As brancas teñen un ataque moi forte.

Ameazan Cxf6 seguido de Dxh7++ e tamén Dxg6. As negras bloquean a columna h cun sacrificio de peza:

1...Ch5! 2.g4 Txb2! 3.gxh5 g5!



As negras, a custa dunha peza, pecharon a columna h e detiveron o ataque.


Capturaron un péon en b2 e os peóns de d4 e f3 están ameazados, ademais a posición do rei branco é insegura.

A situación é moi complexa, con posibilidades para ambos os bandos.




# 9


Responde as preguntas formuladas para cada posición e xustifica.




As brancas acaban de avanzar o peón a g5, buscando abrir columnas para o ataque no flanco de rei.  
Cal é a mellor forma de responder por parte das negras?



As negras tratan de asumir a iniciativa no flanco de rei mediante a apertura dalgunha columna coa ruptura h5-h4, directa ou precedida de g5-g4.  
Como poden as brancas evitalo?



As brancas queren tomar a iniciativa abrindo a columna f mediante a ruptura f4-f5.  
Como deben defenderse as negras?



No enroque branco hai debilidades nas casas negras, as cales poderían ser aproveitadas con axuda do alfil.  
De que forma poden as brancas restringir ao máximo a actividade do alfil?


# A reacción central contra o ataque de flanco




No libro Intermedio 2, unidade 5, tratouse este tema con bastante amplitude. Non obstante, pola súa importancia conceptual para a defensa, volvemos mencionalo aquí.

É bo facer notar que sempre é necesario ter en conta o específico de cada posición para decidir se procede ou non executar unha reacción central.


## Exemplos




As brancas ameazan unha avalancha cos seus peóns no flanco de rei. Para non quedar pasivo, o bando negro debe reaccionar de inmediato no centro: 1...d5!. Se agora 2.exd5 e4! 3.Axe4 Ce5 4.Dg2 Cexg4.



E as negras teñen contraxogo activo a cambio do peón entregado.




En vez de capturar 2.exd5, as brancas tamén poden xogar 2.Cg3 sostendo o punto e4. Nese caso continuaría 2...Ab7 e entón 3.g5 dxe4 4.Cxe4 Cxe4 5.Axe4 Cd4 6.Cxd4 Axe4 7.Dxe4 exd4.




E as negras teñen excelentes posibilidades, debido a que o rei branco está pouco protexido nunha posición completamente aberta.

# 10


Responde as preguntas formuladas para cada posición e xustifica.




É correcto nesta posición reaccionar no centro con 1...d5?




É correcto nesta posición reaccionar no centro con 1...e5?



É correcto nesta posición reaccionar no centro con 1...d5?




É correcto nesta posición reaccionar no centro con 1...d5?



Como deben reaccionar as negras no centro?

a) 1...d5 o b) 1..Txc3 2.bxc3 d5



É correcto para as negras reaccionar no centro coa ruptura 1...e5 ?




## A xogada intermedia


En ocasións, o bando atacante calcula unha secuencia de varias xogadas aparentemente forzadas cuxo resultado é satisfactorio para el; pero xorde inesperadamente no medio da secuencia unha xogada imprevista que altera o resultado. É a chamada xogada intermedia.

No libro Intermedio 2, unidade 5, xa se introduciu o concepto de xogada intermedia.


### Exemplo




As brancas realizan un sacrificio de alfil que aparentemente ofrece posibilidades de dar mate ou ganar material:  
 1. A xg6 f xg6 (1...hxg6?? 2. Cg5 Te8  
 3. Td7 gana) 2. Td7 (ameaza De7) De8  
 3. Te7



O cálculo realizado era que agora a dama negra ten que mover e entón T1d7 ganaría a partida. Pero...




3...Ah6+! primeira xogada intermedia, con xaque que obriga o rei branco a ir a unha rede de mate 4. Rb1 Td8!



Segunda xogada intermedia, ameaza Txd1 mate. As negras quedan con vantaxe material decisiva, por exemplo a) 5. Txd8 Dxd8 b) 5. Te1 g5 c) 5. Td6! Dc6! 6. a3 (6. Dxh6? De4+ 3. Ra1 Cc2+ e mate en dous) Txd6 7. exd6 Dxd6 8. axb4 axb4 con gran vantaxe negra.

# 11


Encontra a xogada intermedia para conseguir o obxectivo formulado en cada posición. Xustifica a xogada.



As brancas entregaron unha torre para chegar a esta posición que consideraron ganadora, porque se ameaza mate, ben con Dh7, ou se a torre de rei move, con Ah7+ seguido de Ag6+, Dh7+ y Dxf7++.


Se se captura 1...Dxc4+, entón Ad3 e ameázase a dama e o mate.

Non obstante, as negras teñen unha defensa que as deixa con vantaxe.




As negras calcularon que esta variante continuaría 1.fxe3 Dxe3+ 2.Rh1 e agora, capturando o peón con 2...Dxd4 o 2...Txd4, non terían problemas.

Non obstante, as brancas teñen unha forma inesperada de obter vantaxe.



As brancas acaban de sacrificar a calidade en f6 e calcularon que, despois de 1...gxf6 2.Ce4, a combinación da súa dama e cabalo atacando o rei solitario lles garante, como mínimo, unhas táboas.

Non obstante, as negras contan cunha mellor defensa que lles dá vantaxe.



As negras acaban de sacrificar o cabalo en g2, calculando que tras 1.Rxg2 Axh3+ 2.Rh2 Dxf2+ logran táboas por xaque perpetuo.

Por outro lado, se as brancas cambian damas con 1.Dxh4, as negras quedan ben tras 1...Cxh4.

Pero as brancas teñen unha defensa sorprendente que lles permite ganar a partida.




## Temas defensivos varios


Hai varios recursos defensivos que foron tratados xa anteriormente nesta colección, como é o caso do rei afogado, o xaque perpetuo e a tendencia a táboas dos finais de alfís de distinta cor.

Nesta lección facemos un recordatorio deses recursos.


### Exemplos




Parece que as negras recibirán un mate inminente. Pero xorde o recurso do afogado: 1...Cg3+! 2.fxg3 Tb1+ 3.Rh2 Th1+! 4.Rxh1 Tc1+ 5.Rh2 Th1+ 6.Rxh1 táboas por afogado.



A pesar de ter dous peóns de menos, as brancas logran rematar en táboas forzando o cambio de damas para pasar a un final de alfís de distinta cor: 1.Df4+! Re6 2.Dxf5+ Rxf5 3.Rf2 Rg4 4.Af4 e as negras non poden progresar.




Aparentemente, as negras, con torre de menos, están perdidas; pero dispoñen do recurso de xaque perpetuo con 1...Cxg4! 2.fxg4 (non hai nada mellor, ameazábase Df2+) Dxg4+



Obsérvase que a dama e dúas torres brancas non cooperan na defensa do seu rei, continúa 3.Rf2 Dh4+! 4.Rg1 Dd4+! 5.Rh1 De4+ e lógrase o xaque perpetuo porque non vale 6.Ag2? por Db1+ ganando.

# A


Responde as preguntas formuladas para cada posición e xustifica.



As brancas teñen unha torre de vantaxe, pero acaban de avanzar o seu peón a b4 descoidadamente.

De que forma poden as negras rematar en táboas a partida?


Xustifica con variantes.



Aparentemente, as brancas están totalmente perdidas baixo ameaza de mate e con calidade e dous peóns de menos.


Non obstante, teñen aínda un excelente recurso defensivo.

Encóntrao e valora as súas consecuencias.



As brancas teñen vantaxe, pois, ademais de dous peóns pola calidade, ameazan capturar o peón de c6 e as súas pezas son moi fortes.

Cal é a mellor defensa das negras?



As negras acaban de xogar Dd2.

É posible para as brancas ganar de inmediato mediante:

1.Th8+ seguido de Txa8?

## Sacrificios

Introducción

Sacrificios de peón

Sacrificios de caballo

Sacrificios de alfil

Sacrificios de torre

Sacrificios de dama








# Introducción

O sacrificio de material é un recurso táctico que a miúdo forma parte dunha combinación. Cando se sacrifica material, adoita facerse para lograr un obxectivo concreto a curto ou medio prazo, como pode ser dar xaque mate, ganar material, forzar as táboas etc.


Tamén existen sacrificios para lograr obxectivos a máis longo prazo, como, por exemplo, conseguir a iniciativa ou obter determinadas vantaxes posicionais. Destes sacrificios tratarase no libro Avanzado 2 desta colección.

## Exemplos




As brancas ganan cun sacrificio de dama cuxo tema táctico é a desviación:

1. Da8! e as negras perden polo menos unha peza; se 1. ... Txa8 2. Cxe7+ e Cxc8 ganando.




As brancas ganan cun sacrificio de alfil cuxo tema táctico é a obstrución:

1. Ag5! (ameaza Axf6+ seguido de h7+, pero ademais obstrúe a columna g) fxg5 2. Rg6 e o mate prodúcese en breve.



As negras conseguen rematar en táboas sacrificando todas as súas pezas en busca do afogado:

1. ... Tb1+ 2. Rh2 Th1+! 3. Rxh1 Cg3+ 4. fxg3 Dxc2+ 5. Rxc2 afogado.



As negras sacrifican a calidade para debilitar a estrutura de peóns brancos do enroque:

1. ... Txc3 2. bxc3 Da5. Este é un sacrificio posicional, a compensación que se obtén é a longo prazo.




## Sacrificios de peón


Ao longo desta unidade clasificaremos os sacrificios segundo a peza que é entregada. A inmensa maioría dos sacrificios que aparecerán son para dar mate ou ganar material.

O peón é a peza de menor valor, por iso se adoita sacrificar con maior facilidade ca outras pezas e pode ser xustificado con máis facilidade ca un sacrificio de peza menor ou maior.


### Exemplos




As negras sacrifican os seus dous peóns do flanco de dama para expoñer o rei branco a un ataque de mate:  
1. ... a4+ 2.Rxa 4b3! 3.axb3 Ae3! 4.Tf3 (se 4.Tg2 Ac5 con mate en poucas).



Agora a acción da torre e dos dous alfís negros conduce ao mate:  
4. ... Ta8+ 5.Rb4 Ad2++









As negras aproveitan as cravadas sobre o cabalo e o peón de e3 para decidir con sacrificio de peón que gana material:  
1. ... d4! 2.Dxd4 Da1+



As negras ganan material en todos os casos, tanto se o rei se aparta como se cobren o xaque:  
3.Re2 (3.Cd1 Dxd4 gana a dama;  
3.Dd1 Dxc3+ gana o cabalo e o peón c) Dxh1 ganando.

# 1


Indica o sacrificio que conduce á vitoria o bando ao que lle toca xogar. Xustifica con variante(s).






# Sacrificios de caballo

## Exemplos




As negras sacrifican o seu caballo para crear unha rede de mate sobre o rei branco:


1. ... Tf3+! 2.Rxh4 Ce7 (ameaza Cf5++ e Cg6++) 3.g6 (única) Cxg6+



4. Rg5 Th6! e a ameaza de mate con Tf5 só pode ser demorada unha xogada máis.









1.Cxf7! Rxf7 2.Axe6+ Rf8 (2. ... Rg6 3.De4+ ganando a torre; 2. ... Re7 3.Ad5+ tamén gana a torre.) 3.Dh5 (ameaza Df7++ y Dxh7).



3. ... Dc7 4.Dxh7 (ameaza Dg8+) Cc2 5.Tc1 Re7 6.Txc2 con vantaxe ganadora.

# 2


Indica o sacrificio que conduce á vitoria o bando ao que lle toca xogar. Xustifica con variante(s).






# Sacrificios de alfil

## Exemplos




As negras sacrifican un alfil para abrir a columna h e crear unha rede de mate:

1...Axc3! 2.hxc3 (2.fxc3 f2+ gana)  
Ah3! 3.Ag5 Ag2




4.Ah4 Dg4 e é inevitable Dh3 seguido de Dh1++



As negras sacrifican un alfil para ganar un peón:







1...Axd4! 2.Axd4 Cf4! 3.Df3 (3.Ac3 Dxc3! 4.Dxc3 Ce2+ seguido de Cxc3 con vantaxe).



3...Ce2+ 4.Rf1 Cxd4 5.Dg4 Cf5 con vantaxe material e posicional das negras.

# 3

Indica o sacrificio que conduce á vitoria o bando ao que lle toca xogar. Xustifica con variante(s).













# 4


Indica o sacrificio que conduce á vitoria o bando ao que lle toca xogar. Xustifica con variante(s).






# Sacrificios de dama

## Exemplos




As negras realizan un bonito sacrificio de dama que leva ao mate, despois de dous xaques á descuberta:

1...Dxe3! 2.fxe3 Cg3+ 3.Rh2 Cxf1+  
4.Rh1 Cg3+ 5.Rh2




Agora prodúcese o segundo xaque á descuberta, saltando co cabalo a e4:

5...Ce4+ 6.g3 (6.Rh1 Cf2++) 6...Tf2+  
7.Rh1 Cxg3++



O peón de e4 está débil, pero se 1...Dc6 2.Cd2 o defende. Aproveitando unha posibilidade de mate con dous alfís, as negras sacrifican a dama dúas veces para ganar o peón e: 1...Dd8! 2.Df3 (2.Dxd8 Axe4++) Dd1!









Segundo sacrificio de dama, que forza a caída do peón e4:

3.Rg2 (3.Dxd1 Axe4+ 4.Df3 Axf3++)  
Dc2+ 4.Rh3 Axe4 e, ao caer o peón derrúbase a posición branca.


# 5

Indica o sacrificio que conduce á vitoria o bando ao que lle toca xogar. Xustifica con variante(s).




## A


Resolve cada exercicio de acordo co enunciado. Xustifica con variante(s).




Negras ganan




Negras dan xaque mate en breve




Negras ganan



Negras ganan




Negras ganan




Branca dan mate en breve

# B


Resolve cada exercicio de acordo co enunciado. Xustifica con variante(s).




Ganan brancas




Ganan brancas




Brancas dan mate en breve



Ganan brancas




Negras fan táboas




Negras dan mate en breve

## C


Resolve cada exercicio de acordo co enunciado. Xustifica con variante(s).




Negras ganan




Negras dan mate en breve




Ganan brancas



Negras ganan




Negras fan táboas




Brancas ganan unha peza

# D


Resolve cada exercicio de acordo co enunciado. Xustifica con variante(s).




Ganan brancas




Negras forzan un final ganador




Ganan brancas



Negras ganan



Ganan brancas



Brancas ganan rapidamente

# Ataque ao rei con enroques opostos

Introdución

Gana quen chega primeiro co seu ataque

Ataque con avalancha de peóns

Ruptura de bloqueo de peóns con sacrificio de peza

Ruptura con sacrificio de peón

Ataque á baioneta

Defensa fronte a un ataque con avalancha de peóns








# Xeneralidades


Denomínase “enroques opostos” o caso en que un dos xogadores enroca curto e o outro enroca longo.

Cando ambos os adversarios enrocan do mesmo lado, atacar o enroque do opoñente avanzando peóns implica debilitar a protección do rei propio. Non obstante, con enroques opostos os xogadores teñen maior liberdade para avanzar os seus peóns ao ataque porque isto non pon en risco o rei propio.


## Exemplos




Aquí ambos os reis enrocaron no mesmo lado, pero a pesar disto as brancas intentan atacar no flanco de rei con avance de peóns.



Neste caso hai enroques opostos. Observa como ambos os bandos lanzaron os seus peóns ao ataque. Non teñen que temer que ese avance lle quite protección ao seu rei, porque este se encontra no outro flanco.




As brancas realizan unha xogada preventiva típica para o xogador que enroca longo: 1.Rb1, que protexe máis o peón de a2, á vez que saca o rei da diagonal c1-h8 e da columna c, a través da cal as negras poden exercer presión por estar semiaberta.




Cando se pode enrocar por ambos os lados, un dos factores de maior importancia para tomar a decisión é a seguridade do rei. Como as pezas e peóns negros apuntan cara ao flanco de rei, as brancas enrocan longo.

1


Elixe de que lado, na túa opinión, debe enrocar o bando ao que lle toca xogar. Explica por que.




Curto      Longo




Curto      Longo




Curto      Longo



Curto      Longo



Curto      Longo



Curto      Longo




# Gana quen chega primeiro co seu ataque

Adóitase dicir que nas posicións con enroques opostos gana quen primeiro chega co seu ataque.


A forma máis evidente de intentar chegar primeiro é acelerando as accións ofensivas todo o posible. Outra forma de contribuir a chegar primeiro co ataque propio (ou polo menos evitar que o ataque adversario triunfe) é atrasar ou entorpecer ao máximo o ataque do opoñente.

## Exemplos




As brancas aceleran ao máximo o seu ataque sacrificando o alfil en h7 para abrir columnas con rapidez sobre o rei negro:

1.Axh7+ Rxh7 2.g6+ Rg8 3.Cxe4 dxe4 4.h6!




Ameaza gxh7+; 4...f6 5.hxg7 (ameazando penetración coa torre pola columna h, que non pode ser evitada) exf3 6.Th8+ Rxg7 7.Th7+ Rg8 8.Df5! con ataque ganador.



A ameaza de ruptura das brancas con g4-g5 é máis forte ca a ruptura b5-b4 das negras.

Se 1...b4 2.axb4 Txb4 3.g5, as brancas chegan primeiro. Polo tanto, as negras deben conformarse con defender o seu rei mediante 1...Ch7 para entorpecer o ataque adversario.



As pezas negras controlan o avance g4-g5 e tamén o avance h3-h4. As brancas seguen estando mellor pola posición das súas pezas e a súa mellor estrutura de peóns, pero as negras deféndense ben e dificultánlles ás brancas progresar.




## Ataque con avalancha de peóns


As ideas de ataque xerais xa explicadas anteriormente nestes libros son válidas tamén para as posicións con enroques opostos.

Nos ataques con avalancha de peóns, un método moi común é o avance inmediato dos peóns, aínda que poden ser capturados, pois nese caso ábrese columnas importantes para o ataque. Moitas veces é preferible atacar desta forma que demorar preparando o avance.


### Exemplos



As negras avanzan b7-b5 e ameazan c5-c4 con rápida avalancha de peóns sobre o enroque branco. Non perden tempo na súa preparación xa que, de ser capturado o peón, se abre para o ataque a importante columna b. 1... b5! 2.Dxb5 Tab8 3.Da5 Tb3 4.Ra2 Tfb8




En só 4 xogadas o ataque negro cobrou extraordinaria forza. Continuou 5.Tb1 e5! 6.Thc1 (se 6.dxe5 Cxe5 7.Cxe5 Dxe5 8.Ac3 Cxc3+ 9.bxc3 De4! ganando) De6 7.Ra1 exd4 8.Txc5 Cxc5 9.Dxc5 Cc3! con posición ganadora para as negras.



As brancas lanzan de inmediato o peón g ao ataque, sen preparación previa xa que, se as negras o capturan, se abre a columna g para o ataque:


1.g4! Cxg4 2.Dg2 Cf6 3.Tg1 Ad7 4.f5 Rh8 5.Tdf1 Dd8 6.fxe6 fxe6




As brancas teñen todas as súas forzas preparadas para o asalto final: 7.e5! (un segundo sacrificio de peón, decisivo porque permite a incorporación ao ataque do cabalo de c3) dxe5 8.Ce4! as negras están perdidas e rendéronse pouco despois.

# 2


Proponse unha xogada con sacrificio de peón. Indica como se debe continuar a partida en caso de que se capture o peón e valora a posición resultante.




g4




b5




h4



b5



g4




a5




# Ruptura de bloqueo de peóns con sacrificio de peza

Cando chega o momento en que a formación de peóns do atacante e do defensor se bloquean mutuamente, é típico romper ese bloqueo con sacrificio de peza para eliminar os peóns do defensor.


## Exemplos



As negras intentaron bloquear a posición dos peóns avanzados, sen que se abran columnas. Pero agora as brancas destrúen a protección do enroque sacrificando o seu alfil: 1.Axh6! gxh6 ( se 1...Dxf5 2.Axg7! é forte) 2.Dxh6 Ad8 (para defender h7)




3.De3. A dama regresa para lle deixar libre o camiño ao peón h; agora non haberá defensa contra o avance arrasador dos peóns g e h apoiados polas torres.



As brancas rompen o bloqueo de peóns no flanco de rei con sacrificio de cabalo en h5:

1.Cxh5! gxh5 (sería algo mellor non capturar, aínda que as brancas quedan con vantaxe clara) 2.Dxh5.









Ameázase mate en dous con Dh7+ e Dh8++, ademais de existir a ameaza g5-g6.

As brancas teñen un ataque ganador.

# 3

O bando ao que lle toca xogar pode romper o bloqueo dos peóns no flanco en que ataca mediante un sacrificio.  
Indica cal é o sacrificio e valora se resulta correcto.






# Ruptura con sacrificio de peón


Hai posicións en que se pode realizar un sacrificio típico de peón en g6 ou b6 (g3 ou b3 no caso de ser as negras as que atacan), co obxecto de acelerar a apertura de columnas para o ataque.

## Exemplo




As brancas realizan o sacrificio de peón en g6 para abrir columnas para atacar: 1.g6


As negras teñen dúas opcións para capturar, con peón f ou con peón h.



Examinamos primeiro a captura con peón f: 1...fxg6 2.h5 (diagrama) gxh5 (se 2...g5 3.Axg5) 3.Txh5



A operación completouse. A cambio dun peón, as brancas lograron que as columnas g e h queden semiabertas. A través delas poden atacar o enroque negro. Vexamos no diagrama seguinte o caso da captura negra con peón h.









1...hxg6 2.h5 gxh5 3.Txh5 (diagrama). A situación final é bastante parecida á anterior, agora a columna h está totalmente aberta e a columna g semiaberta. A cambio do peón, as oportunidades de ataque a través desas columnas son excelentes.



# 4

O bando ao que lle toca xogar pode efectuar unha ruptura típica con sacrificio de peón **g** ou **b**. Indica a(s) secuencia(s) de xogadas en caso de que o defensor capture en cada quenda. Valora a posición resultante.







## Ataque á baioneta

En ocasións é só un o peón que se avanza para acompañar o ataque (neste caso cabe máis falar de “ataque á baioneta” ca de “avalancha de peóns”). Ese peón adoita converterse en importante punto de apoio para as pezas atacantes, incluso sacrificándoas.


### Exemplos



As brancas teñen o seu alfil fortemente instalado, inexpugnable, na casa f6, grazas ao apoio do peón de g5. As negras acaban de capturar un cabalo en c3, sen darse de conta do sacrificio ganador do seu adversario: 1.Dh6!! e o mate é inevitable en todas as variantes.




Neste caso é o cabalo o que decide a partida, apoiado polo peón de g5:  
1.Cf6+! Agora se 1...gxf6 2.gxf6+ Rh8 3.Tg7 con mate en breve; se 1...Axf6 2.gxf6 g6 3.Dh6 e mate á próxima.



O ataque das brancas está nunha fase máis temperá ca nos diagramas anteriores.







A idea aplicada é similar: 1.Af6! Ab7 (o alfil é intocable, tanto 1...gxf6 2.gxf6+ Rh8 3.Dh4 como 1...Axf6 2.gxf6 g6 3.Dh4 son ganadoras para as brancas) 2.Td3



A torre incorpórase ao ataque, continúa 2...Tfc8 3.Th3 con moi forte ataque das brancas; ameázase Dh4.

# 5

Indica como pode o bando ao que lle toca xogar aproveitar a posición do seu peón avanzado como apoio para as súas pezas no ataque. Analiza as variantes e valora as consecuencias







# Defensa fronte a un ataque con avalancha de peóns

As ideas de defensa xerais xa explicadas anteriormente nestes libros son válidas tamén para as posicións con enroques opostos. Ás veces, cando un peón do atacante toma un dos peóns do enroque do defensor, é preferible non recapturar co rei, senón situar o rei na casa que está fronte a ese peón. Desesta forma lógrase defender mellor o rei, utilizando como protección o propio peón adversario.


## Exemplos




As brancas acaban de capturar  $gxh7+$ . A mellor defensa é  $1...Rh8$ , protexéndose detrás do peón inimigo, porque  $1...Rxh7$  permite que o ataque se acelere moito con  $2.Dxf5+$ , converténdose en ganador.



Se agora  $2.Dxf5$  (en caso de  $2.h6$   $g6!$  mantendo cerrada a columna **h**), as negras teñen contraxogo tras  $2...De6$ . Neste caso, a razón para elixir  $Rh8$  en vez de  $Rxh7$  foi moi concreta e a curto prazo.



Neste caso, a diferenza entre xogar  $1...Rh8$  ou  $1...Rxh7$  non é tan clara nin inmediata. En xeral, pode dicirse que en **h8** o rei está menos exposto, tanto diagonal como verticalmente, e que o peón de máis en **h7** está illado e poderá ser capturado nun momento de menor perigo.




Pode continuar  $1...Rh8$   $2.Tg1$  (se  $2.h6$   $g6!$  mantendo cerrada a columna **h**)  $bxh2+$  (diagrama) e agora as brancas teñen o mesmo dilema, capturar ou xogar  $Ra1$ . As consideracións explicadas no diagrama anterior son válidas tamén aquí. A decisión dependerá das especificidades da posición.




Na páxina anterior vimos exemplos de rei que se refuxia tras o peón de torre do adversario.

Agora veremos casos en que se refuxia tras o peón de cabalo.


## Exemplos




As brancas acaban de capturar f7g7. A mellor defensa é mover a torre a e8, sen capturar o peón, pois de facelo prodúcese un ataque decisivo con:  
1...Rxf7? 2.Dh6+ Rg8 3.Af5! Cg6 (3...exf5 4.Cxf5 con mate inevitable en g7) 4.Cxe6!



Tras 1...Te8 (diagrama), as brancas non teñen combinación ganadora (1. Af5 xa non funciona por 1...exf5; compara que neste caso non hai posibilidade de mate en g7).  
A posición é vantaxosa para as negras polo forte ataque que teñen no flanco de dama.









Nesta situación específica, capturar o peón co rei non aumenta apreciablemente a vulnerabilidade do rei negro, polo cal capturar o peón agora ou na seguinte xogada é unha boa opción.



Aquí a importancia de non capturar radica en que é vital acelerar o contraataque 1...Tc8! (1...Rxf7 perde un tempo precioso 2.Ag2 Tc8 3.Dh5! e só hai xaque perpetuo con 3...Txc2+) e se agora 2.Ag2 Dc7! ameazando mate en c2, con ataque máis rápido das negras. Tras 1...Tc8!, a iniciativa pasa a mans das negras.


6

O bando ao que lle toca xogar ten a opción de capturar o peón inimigo avanzado co rei ou non facelo. Indica cal é a forma correcta de xogar e xustifica por que non é correcto xogar a outra opción.




# 7

Resolve os seguintes exercicios de acordo coa proposición que se fai en cada un deles. Xustifica a resposta.




Despois de entregar un peón en g6, as brancas proseguiron coa típica ruptura h4-h5. Cal das tres opcións seguintes constitúe a mellor defensa das negras?

- A. 1...gxh5 2.Txh5 a4
- B. 1...a4 2.hxg6 h6
- C. 1...g5 2.Axg5 Axg5 3. Dxg5 h6




As brancas acaban de xogar g5-g6 e provocan unha ruptura con peóns. Cal das 3 opcións seguintes constitúe a mellor defensa das negras?

- A. 1...hxg6 2.hxg6 fxg6 3.Dxg6 Te7
- B. 1...fxg6 2.hxg6 h6
- C. 1...hxg6 2.hxg6 f6



As negras están ameazando xaque mate no punto a2. Cal das 3 xogadas seguintes constitúe a mellor defensa das brancas?

- A. 1.a4
- B. 1.c4
- C. 1.c3



As brancas acaban de capturar o peón negro de f7 con xaque. Cal das 3 xogadas seguintes constitúe a mellor defensa das negras?

- A. 1...Rxf7
- B. 1...Rh8
- C. 1...Rf8

# Finais de peóns

O afogado como recurso defensivo

Liberación de espazo para manobrar

A transformación da vantaxe

Creación dunha fortaleza

Un peón que detén a dous








# O afogado como recurso defensivo


Hai posicións nas finais de peóns, ás veces aparentemente perdidas, que logran salvarse mediante o recurso do afogado.

Ambos os opoñentes deben estar atentos a este tipo de recurso: o bando en desvantaxe para aplicalo, o bando con vantaxe para evitalo.


## Exemplos




Parece que as negras están perdidas porque o peón de c5 será capturado. Non obstante,  
1...Rb6 2.Rd5 a6! 3.Rd6



Agora as negras aproveitan a situación creada:  
3... Ra5!! e garanten as táboas, pois, se se captura o peón de c5, o rei negro queda afogado.



O peón a promóvea moi rápido, polo cal parece que as brancas perden.  
1.Rg3! a3 2.Rh4! a2




E agora as brancas encerran definitivamente o seu propio rei:  
3.g3! e, con independencia do que xoguen as negras, o rei branco está afogado.




Pódense dar casos de afogamento incluso despois de que o bando forte promove un peón a dama e ten tempo para mover esta dama.

Tamén pode suceder que sexa o rei do bando forte o que quede afogado.

### Exemplos




1.Ra5! h2 (1...b6+ 2.Ra4! h2 3.a3 h1=D 4.b3 e a calquera xogada negra o rei branco quedará afogado)  
2.b6 h1=D 3.b5!




A pesar de xogar, as negras non poden evitar o autoafogamento que as brancas construírán.

3... Db1 (outras xogadas non evitan tampouco as táboas) 4.a4! Dxb2 afogado (se non captura, 5.b4! leva ao afogamento).









1.e5! Rf5 2.e6 Rxe6 3.Rxg4 Rd5



O rei negro ameaza tanto tomar o peón b2 como tomar o peón a4.  
4.Rf3! (evita que sexa capturado b2) Rc4 (4...Rd4 5.Re2!=) 5.Re4 Rb4 6.Rd4 Rxa4 7.Rc4! afogando o rei negro.

# 1

As brancas encóntranse en perigo de perder a partida. Analiza e indica en cada caso a variante completa que lles permite ás brancas obter táboas.






# Liberación de espacio para manobrar


En ocasións precísase manobrar co rei cara a outro flanco, pero as casas (ou casa) a través das cales debe pasar o rei están ameazadas por peóns adversarios. Un procedemento para cambiar tal situación é realizar cambios de peóns, de forma que sexan eliminados do taboleiro os peóns adversarios que impiden a manobra.

Isto é coñecido como “liberación de espacio para manobrar”. Algúns autores chámanlle “ampliación da fronte de batalla”.


## Exemplo




O rei branco pretende ocupar e5, co cal ganaría o peón d. Se manobra directamente con 1.Rf4, non o logrará debido a 1...Rf6 mantendo a oposición.



1.f4 (diagrama). O plan das brancas é facer desaparecer o peón negro de g6, que controla a casa f5, a cal necesita o rei branco para ir cara a e5. Lógrano cambiando o peón f polo peón g.









1...Rf7 2.f5 gxf5 3.Rxf5 (diagrama). Cambiáronse os peóns; a casa f5 quedou libre para o traslado do rei branco.



3...Re7 4.Re5 (diagrama). As brancas lograron o seu obxectivo. É inevitable a captura de ambos os peóns negros, co que se gana facilmente.

# 2

Indica en que forma o bando ao que lle toca xogar logra liberar o espazo que necesita para manobrar co seu rei e ganar a partida. Ilústrao con variantes.






# A transformación da vantaxe


En xadrez resulta frecuente que, para converter unha vantaxe en vitoria, sexa necesario transformar a natureza da vantaxe que se ten. Un corolario natural disto é que aferrarse a manter un tipo de vantaxe a toda costa pode impedir a vitoria en determinados casos.

Isto compréndese con claridade nalgúns finais de reis e peóns. Véxase, por exemplo, o último diagrama da páxina 141 do libro Intermedio 2.


## Exemplo




A vantaxe branca é de tipo material, teñen un peón de vantaxe. Non obstante, non é evidente como ganar. Se 1.h4? gxh4+ 2.Rxh4 Rf4!, son as negras as que ganan. Se o rei branco manobra, o rei negro tamén, co que se evita que as brancas progresen.



Para ganar as brancas sacrifican o peón f:  
1.f4! exf4+ 2.Rf3. A vantaxe non é xa material, senón que se transformou en vantaxe posicional debido ao peón pasado máis distante (peón h).



2...Rg5 3.h4+! Rxh4 4.Rxf4



Produciuse unha nova transformación da vantaxe. Agora consiste na posición máis activa do rei branco, o cal lle permitirá capturar os peóns negros do flanco de dama e ganar a partida facilmente.




# Creación dunha fortaleza


Existe nas finais un recurso defensivo que é coñecido como **a fortaleza**. Consiste en crear unha posición tal que as pezas do adversario non poidan penetrar na posición do defensor.

Este recurso permite en ocasións salvar unha partida aínda con desvantaxe material significativa.


## Exemplo




As negras teñen un peón de máis, aínda que está dobrado na columna **h**. Pero aínda máis importante é que o peón de c5 será capturado, pois non pode ser defendido. Non obstante, existe unha forma de “crear unha fortaleza”...



1.e3! (comeza a crear a fortaleza, aproveitando que se ameaza 2.exd4! ganando) d3 2.h3!




Continúa a fortificación, controlando a casa de penetración g4 (era malo xogar 2.b3? por 2...h3! asegurando a penetración vía g4).




2...Rd5 3.b3 Rxc5 4.Re1 (diagrama). A pesar de ter dous peóns de vantaxe, as negras non poden progresar, pois o rei negro non pode penetrar nin o peón pasado promover. Para rematar en táboas, ao rei branco abóndalle con moverse sen afastarse do peón **d**.

3


Soluciona os exercicios tendo en conta o enunciado de cada un. Xustifica coa variante (ou variantes) que consideres necesaria.




As negras teñen a gran vantaxe de posuír un peón pasado e protexido en c4; ameazan con penetrar co rei no campo das brancas. Indica a única forma que teñen as brancas de evitar a derrota.



As negras teñen un peón pasado moi avanzado e protexido en a3; ameazan con penetrar co rei no campo das brancas. Indica a única forma que teñen as brancas de evitar a derrota.



As negras teñen vantaxe pola combinación do perigoso peón pasado en b3 e as ameazas de penetración co seu rei vía e4 e c4. Encontra a única forma en que as brancas poden defenderse satisfactoriamente.



As negras teñen vantaxe pola combinación do seu peón pasado protexido en d4 e as ameazas de penetración co rei vía d6-e5-f4. Encontra a forma en que as brancas poden acabar en táboas, a pesar de todo.






## Un peón que detén a dous


No libro Intermedio 1, unidade 9 (páxina 150), tratouse sobre o bloqueo de peóns. Aquí afondaremos sobre o tema.

O peón que detén a dous peóns do adversario (ou en ocasións incluso a tres) é unha expresión clara do principio de economía de recursos en xadrez. Como dixo Capablanca (ex-campión mundial): “aplicar unha unidade de forza que frea outra forza de maior poder”.


### Exemplo




As brancas teñen maioría de peóns no flanco de rei, mentres as negras teñen maioría de peóns no flanco de dama. A importancia dunha maioría de peóns está na posibilidade de crear un peón pasado.



1.b4! Un peón que detén a dous. Agora os peóns negros da ala de dama quedan inmovilizados, mentres as brancas poden mobilizar os seus peóns da ala de rei.









1...Rf6 2.h3 Re6 3.g4 (diagrama).  
As brancas avanzan os seus peóns para crear un peón pasado.



3...hxg4 4.hxg4 Rf6 5.f5 gxf5+ 6.gxf5 (diagrama). Creouse un peón pasado en f5. As brancas ganan con facilidade: 6...Rf7 7.Re5 Re7 8.f6+ Rf7 9.Rf5 Rf8 10.Re6 Re8 11.f7+ Rf8 12.Rf6 a5 13.bxa5 e mate en tres xogadas promovendo o peón a.


# 4

Indica a xogada que debe realizar o bando ao que lle toca mover para ganar a partida. Ilústrao con variantes.




# 5

Soluciona os exercicios tendo en conta o enunciado de cada un. Xustifica coa variante (ou variantes) que consideres necesaria.




As negras avanzan o seu peón cara á coroación. Como poden acabar en táboas as brancas?




As brancas teñen vantaxe debido á posición máis activa do seu rei. Como ganan a partida?



As brancas teñen dous peóns de vantaxe, pasados e unidos. Poden ganar a partida?



As negras pretenden facer táboas por afogamento do seu propio rei. Encontra a única forma de ganar das brancas.



As negras teñen vantaxe coa posición máis activa do seu rei. Como ganan a partida?



As brancas teñen peón de vantaxe e o seu rei máis activo. Con 1.Rf6, táboas por afogado. Pódese romper a fortaleza das negras?

# Finais de torres

Torre contra dous peóns unidos

Torre contra dous peóns illados

Torre contra torre e peón. Peón en 7.<sup>a</sup>

Corte do rei defensor 1 vertical

Separación do rei defensor 1 vertical

Torre contra torre e peón. Peón en 6.<sup>a</sup>

Corte do rei defensor 1 vertical

Separación do rei defensor 1 vertical






# Torre contra dous peóns unidos


A loita de torre contra peón foi xa tratada no libro Intermedio 1. Analizamos agora casos en que rei e torre se enfrontan a rei e dous peóns do adversario e comezamos por situacións en que os peóns están unidos.

Se o rei do bando coa torre logra colocarse diante dos peóns, usualmente gana con moita facilidade. Se o dito rei está moi lonxe dos peóns, daquela o resultado pode variar moito, en función doutros factores.

## Exemplos




É fácil para as brancas impoñerse:  
1.Th1 Ra3 2.Th4 e agora tanto 2...b2  
3.Rc2 coma 2...c2+ 3.Rc1 ganan.




Ambos os peóns acadaron a 6.<sup>a</sup> horizontal. Os reis están moi afastados dos peóns. A torre soa non pode deter a dous peóns unidos se ambos acadaron a 6.<sup>a</sup> horizontal.

1.Ta3 (1.Rg7 d2 2.Td8 c2 ganando;  
1.Td8 c2 ganando) d2 2.Ta1 c2 e ganan as negras.



Os peóns están a punto de coroar e non se ve forma de evitalo. Só queda contraatacar ameazando mate continuamente:

1.Rd6! Rc8 (1...Re8 2.Re6!) 2.Tc1+ Rb7 3.Tb1+ Ra6 4.Rc6! (ameaza mate de novo).




4...Ra5 5.Rc5 Ra4 6.Rc4 Ra3 7.Rc3 Ra4 (7...Ra2? 8.Tf1! ganando sorprendentemente porque as negras vense obrigadas a avanzar o peón g) 8.Rc4 Ra5 e táboas porque non pode escapar das ameazas continuas de mate.




O contraataque con ameazas de mate sobre o rei confinado ao bordo do taboleiro (amosado nos diagramas 3 e 4 da anterior lección) é un recurso defensivo especial.

En ocasións, mediante este recurso lógrase ganar a partida.


### Exemplo




1. Td2+ Rb1  
 (Se 1...Ra3? 2. Td3+ capturando os peóns; 1...Ra1 2. Rb3! con mate inevitable)  
 2. Rc3!



Agora hai dúas opcións: ou se avanza un peón ou se move o rei. Vexamos: A primeira posibilidade é 2...g2  
 3. Td1+ Ra2 4. Tg1! (véxase diagrama 3).









...ganando (zugzwang).  
 A outra posibilidade é 2...Rc1 3. Ta2 (ameaza mate) Rd1 (3...Rb1 4. Te2 g2 5. Te1+ Ra2 6. Tg1! gana) 4. Rd3 Rc1 5. Re3 h2



6. Ta1+ Rc2 7. Th1! Rc3 8. Rf3 ganando.

# 1


Nas posicións que se amosan a continuación, di cal é o resultado da partida con xogo correcto por ambos os bandos. Xustifica con variante(s).






Cando os peóns unidos están menos avanzados (non acadaron ambos a 6.<sup>a</sup> horizontal) e o rei apoia os seus peóns, mentres o rei adversario está a unha distancia non demasiado afastada dos peóns, o resultado dependerá dos detalles específicos de cada situación.

**Exemplo**




1...Tf3! ( impide Rg7; 1...Rd4? 2.Rg7! Re5 3.f6 y 4.f7+-)




e agora as brancas teñen dúas liñas principais:

a) 2.g7 Tg3 3.Rf7 Rd4 4.f6 Re5



con táboas, se 5.g8=D Txg8 6.Rxg8 Rxf6= ou se 5.Re7 Rf5=.



A 2.<sup>a</sup> liña é b) 2.Re5 Tg3! 3.f6 Tg5+! xaque intermedio (diagrama). Se 3... Txg6? se perde tras 4.f7; o xaque salva a partida: 4.Re6 Txg6= o 4.Re4 Txg6.







Unha técnica de grande importancia en moitos destes finais é a de “facerm pantalla” ou “apartar co ombreiro” o rei adversario. Isto execútase co rei que posúe os peóns e con iso lógrase evitar que o rei adversario se achegue a eles.

Na unidade 8 (Finais de peóns) do libro Intermedio 2, na lección sobre “Manobra de dobre obxectivo” pódense ver exemplos en que se usa esta técnica.


### Exemplo




1.Rd4! (avance para apoiar os peóns, á vez “faillie pantalla” ao rei negro para que non se achegue con Rc4) Rb4 (1... Tf5 2.Re4! Txg5 3.f7 Tg4+ 4.Re3 Tg3+ 5.Rf2 ganando).



2.Rd5! (achegamento a e6 e “pantalla” ao rei negro) Rc3 (2... Tf5+ 3.Re6 Tf1 [3...Txg5 4.f7 Tg6+ 5.Re5 Tg5+ 6.Re4 Tg4+ 7.Re3 Tg3+ 8.Rf2+-] 4.g6+-).









3.Re6 (o rei chega a apoiar cando aínda o rei negro non logrou achegarse o suficiente) Rd4.



E agora 4.f7 é o máis fácil para ganar, non se pode evitar o posterior avance do peón g.

2

Nas posicións que se amosan a continuación, di cal é o resultado da partida con xogo correcto por ambos os bandos. Xustifica con variante(s).






# Torre contra dous peóns illados

Os dous peóns illados son menos frecuentes ca unidos porque non se apoian mutuamente.


Moitos factores inflúen no resultado, o avanzados que estean os peóns, o apoio do seu rei e a posición da torre e do rei adversarios.

## Exemplos




Aquí vese como a torre soa defende con éxito fronte a dous peóns illados en 6.<sup>a</sup>.

1. Tc2! (ameaza capturar ambos os peóns) a2! (única forma de salvarse)  
2. Txa2 Rd5 3. Rf7 Rc4 4. Re6 Rb3 e as negras rematan en táboas avanzando o seu peón.




As negras ameazan Rf2 atacando a torre e promovendo o peón g. Non obstante:

1. Tb1! Rd3! (ameaza Rc2; non serve 1...Rf2 2.Txb2+ táboas) 2.Tg1! e a torre soa mantén o control sobre os dous peóns en 7.<sup>a</sup>, o que fai rematar en táboas a partida.



Se no diagrama 2 achegamos entre si un paso os peóns, entón ganan as negras.

Ameázase Rf2 e, se 1.Tc1, daquela 1...Rd2! e gánase.









Este método defensivo é típico:

1...Tg1! 2.Rf2 Tf2+ 3.Rg2 Te1 4.Rf3 Tf1+ táboas.

A idea é atacar o peón indefenso; cando o rei o defende, dáse xaque e atácase o peón que queda abandonado. A ameaza continua de captura non pode ser conxurada.

3

Nas posicións que se amosan, di cal é o resultado da partida con xogo correcto por ambos os bandos. Xustifica con variante(s).






# Torre e peón contra torre. Peón en 7.<sup>a</sup>

## 1. Corte do rei defensor 1 vertical

Na unidade 9 do libro Intermedio 2 falouse sobre a posición de Lucena, na cal o peón está en 7.<sup>a</sup> horizontal e o rei defensor está cortado a 2 verticais da columna do peón.


Agora veremos que sucede cando o corte é de só unha vertical.

### Exemplos



As brancas ameazan ganar facilmente, tanto con Tf1+ como con Tc1 seguido de Rc8 ou Rc7. O único recurso defensivo que se pode intentar é dar xaques.


1... Ta8+ 2.Rc7 Ta7+ 3.Rc8 Ta8+ 4.Rb7 Td8 5.Rc7 e gánase.




A única diferenza co diagrama anterior é que a torre negra está máis separada do rei branco. Só poden as negras intentar os xaques laterais:

1... Ta8+ 2.Rd7 Ta7+ 3.Rd8 Ta8+ 4.Rc7 Ta7+ ! 5.Rd6 Ta6+ 6.Rc5 Ta5+ 7.Rb6 Te5.

Cando o rei se achega á torre, o peón é capturado.



Que diferenza hai entre os dous exemplos anteriores? No primeiro caso, a distancia entre a torre negra e o peón é de 2 liñas. Non é suficiente separación para ter éxito.




No segundo caso, a distancia é 3 liñas. Ten éxito a defensa porque existe "efectividad a distancia". Ou sexa, hai polo menos 3 liñas de separación.




Na páxina anterior vimos que se o rei defensor está cortado a 1 vertical do peón que se encontra en 7.<sup>a</sup> horizontal, a única posibilidade de defensa é mediante un ataque lateral coa torre.

O éxito da defensa depende da distancia que haxa entre a torre defensora e o peón.


**Exemplo**




1...Tb8+ 2.Rd7 Tb7+ 3.Rd8 Tb8+ 4.Rc7



Agora non se ameaza promover o peón; as negras aproveitan entón para afastar a torre e obter “efectividade a distancia”:  
4...Ta8!



As negras están listas para dar xaquas con “efectividade a distancia”. Aparentemente logran rematar en táboas, pero as brancas teñen un forte golpe: 5.Ta1!




Con sacrificio de torre, as brancas quítanlle a “efectividade a distancia” á torre negra.  
Tras esta xogada, as negras están perdidas: 5...Te8 ( 5...Txa1 6.e8=D gana) 6.Rd7 e gánase.




Na páxina anterior vimos a torre negra iniciar os xaques sen suficiente distancia, para despois obter a distancia necesaria e finalmente perdela ante o sacrificio da torre branca.

Movemos agora todas as pezas unha casa cara á dereita.


### Exemplo




1... Tc8+ 2. Re7 Tc7+ 3. Re8 Tc8+ 4. Rd7 Ta8



A torre negra afástase para obter a “efectividade a distancia”.  
As brancas intentan agora un sacrificio similar ao da lección anterior:  
5. Ta1! Tb8!









As negras non aceptan o sacrificio e colócanse na columna **b**, desde a cal aínda conservan a “efectividade a distancia” (porque hai 3 liñas entre a torre e o peón).  
6. Tb1 Ta8!



Novamente as negras non aceptan o sacrificio e ocupan a columna **a** que lles garante a “efectividade a distancia”. A partida é táboas; as negras ameazan tanto os xaques laterais como achegar o rei con Rg7 (pedímoslle ao lector comprobar todas as posibles variantes).

4

Nas posicións que se amosan a continuación, di se o bando que posúe o peón gana a partida ou se esta resulta táboas.








## 2. Separación do rei defensor 1 vertical


No punto 1 anterior, a torre ofensiva cumpría o papel de lle cortar o paso ao rei defensor.

Agora analizamos posicións en que a torre ofensiva está colocada noutras columnas. O rei defensor segue estando a distancia de 1 vertical con respecto ao peón, só que agora non está cortado.


### Exemplos




As brancas ameazan tanto Tg1+ coma Rd7 con rápida promoción do peón. As negras dan xaques laterais, pero perden facilmente:  
1... Ta8+ 2.Rd7 Ta7+ 3.Rc6 Ta6+ 4.Rb5 e xa non se pode evitar a promoción do peón.



Tamén aquí ameazan as brancas Tg1+ e Rd7. Os xaques laterais non impiden a derrota:  
1... Ta8+ 2.Rd7 Ta7+ 3.Re6 Ta6+ 4.Td6 Ta8 5.Td8 Ta6+ 6.Rd5 Ta5 7.Rc4 Ta4+ 8.Rb3 e gánase.









Novamente se ameaza Tg1+ e Rd7. Os xaques laterais son conxurados facilmente:  
1... Ta8+ 2.Rd7 Ta7+ 3.Tc7 e gánase.



Unha vez máis as ameazas son Tg1+ e Rd7. Agora, coa torre branca na columna b, os xaques laterais teñen éxito:  
1... Ta8+ 2.Rd7 Ta7+ 3.Rd8 Ta8+ 4.Rc7 Ta7+ 5.Tb7 Txb7+ 6.Rxb7 Rf7 táboas.

5

Nas posicións que se amosan a continuación, di se o bando que posúe o peón gana a partida ou se esta resulta táboas; escribe a variante que xustifica a túa resposta.






# Torre e peón contra torre. Peón en 6.<sup>a</sup>

## 1. Corte do rei defensor 1 vertical

No apartado anterior desta unidade vimos que, cando a torre corta o rei defensor a distancia dunha columna do peón e o peón está en 7.<sup>a</sup> horizontal, o único mecanismo defensivo posible é o ataque mediante xaques laterais con efectividade a distancia.


Se o peón está en 6.<sup>a</sup> horizontal, máis afastado da súa coroación, con máis razón o ataque con base en xaques laterais con efectividade a distancia funcionará.

### Exemplos




As brancas ameazan Tg1+ e chegan a unha posición ganadora de tipo Lucena. As negras deben actuar de inmediato:

1... Ta7+ 2.Rd6 Ta6+ 3.Rd5 Ta5+ 4.Rc4 Ta4+ 5. Rb5 Te4!




Cando o rei branco se afasta todo o posible do peón, entón a torre negra atácao e obtén unhas fáciles táboas. Se 6.Tf7+ tanto 6...Rg6 coma 6...Rg8 rematan en táboas.



De forma similar a cando o peón estaba en 7.<sup>a</sup>, a falta de efectividade a distancia no ataque lateral leva á derrota ás negras.

1... Ta7+ 2.Rc8 Ta8+ 3.Rb7



A falta de espazo, nesta situación tamén, leva á derrota das negras. 3...Td8 ( 3...Ta2 4.d7 ganando) 4.Rc7 seguido de d6-d7 ganando.




## 2. Separación do rei defensor 1 vertical

Nunha lección anterior desta unidade vimos que, cando o rei defensor está separado a distancia dunha columna do peón e o peón está en 7.<sup>a</sup> horizontal, aínda existindo efectividade a distancia por parte da torre defensora, o resultado depende da posición específica da torre ofensiva.


Se o peón está en 6.<sup>a</sup> horizontal, máis afastado da súa coroación, as posibilidades defensivas aumentan, pois aínda faltan dous pasos para a promoción do peón.

### Exemplo




En posición similar co peón en 7.<sup>a</sup>, as brancas ganaban. Poderán as negras, estando o peón en 6ta, defenderse con éxito?

1...Ta7+ 2.Td7 (Se 2.Re8 Rf6! táboas) Ta8




A torre negra evita Re8.

3.Td8 (se 3.Rd6+ Rf8 táboas) Ta7+ 4.Rd6 Ta6+ 5.Re5 Ta5+ 6.Td5



Agora as negras non poden cambiar torres porque perderían o final de peón (as brancas terían ganada a oposición).

6...Ta1!




A torre negra queda lista para atacar tanto horizontal coma verticalmente, de acordo coas necesidades. As negras remtan en táboas con facilidade, se 7.Td7+ Rf8 e 8.Rf6 é inofensivo por 8...Tf1+.




Na páxina anterior analizamos como se defenden as negras con éxito nunha das posibles variantes. As brancas poden facer diferentes intentos para ganar, pero se as negras xogan correctamente sempre rematan en táboas. Analizamos novamente a posición inicial.


### Exemplo




1...Ta7+ 2.Td7 Ta8 3.Td6



Unha xogada de espera perigosa. Se 3...Ta7+? 4.Re8! Rf6 (4...Ta8+ 5.Td8 seguido de e7 gana) 5.e7+! gana. A torre negra está idealmente colocada, impide Re8 e ten efectividade a distancia, polo cal...









... o máis sinxelo é esperar co rei: 3... Rg6! Se agora 4.Td8 Ta7+! 5.Td7 Ta8!



... e as brancas non lograron progresar.


6

Nas posicións que se amosan a continuación, di se o bando que posúe o peón gana a partida ou se esta resulta táboas; escribe a variante que xustifica a túa resposta.




A


Elixe, con base nos principios e ideas tácticas estudados nesta unidade, cal das variantes é a correcta para rematar en táboas.




Te2 Th8+ Tb2




Txa8 Tf1 Tb1




Ta7+ Ta8 Rg6



Rf3 Ta3+ Ta6



Tc8+ Te4+ Txe3



Txg7 Td8 Tb8

## Finais sen peóns

Torre contra alfil

Torre contra cabalo

Torre e alfil contra torre

Torre e cabalo contra torre

Dama contra unha peza menor

Dama contra dous cabalos

Dama contra alfil e cabalo

Dama contra dous alfís

Dama contra dúas torres

Dúas pezas menores contra peza menor







# Torre contra alfil

No caso máis xeral, este final é táboas. Non obstante, a defensa debe ser coidadosa.

En caso de que o rei á defensiva sexa forzado a situarse nunha banda do taboleiro, é importante que se dirixa cara á esquina de cor diferente ás casas do seu alfil. Se se coloca na esquina da mesma cor do seu alfil, pode perder a partida.

## Exemplos




O rei negro está nunha esquina correcta (esquina de cor diferente ás casas do seu alfil).

1. Tc8+ Ag8 e agora as brancas non poden progresar, pois o rei negro encóntrase nunha situación de afogado.




O rei negro está confinado á esquina incorrecta (a casa h8 é da mesma cor ca as casas do alfil) e o rei branco está en oposición directa ao rei negro.

1. Tf1! Ah2 (se 1...Ac5 2. Tc1 Ab4 3. Tc8+ Af8 4. Ta8 gana) 2. Th1 Ag3 3. Th3!



O alfil terá que mover a unha posición desfavorable.

3...Ad6 (3...Af4 4. Tc3 [ameaza mate en c8] Rf8 5. Tf3 gana) 4. Td3 Ae7 5. Tc3




A ameaza Tc8 non pode ser contrarestada.

Por exemplo, 1...Ab4 2. Tc8+ Af8 3. Ta8 e gánase grazas ao zugzwang.




Se na posición do diagrama 2 da páxina anterior o rei branco está en e6 en vez de g6, as brancas non conseguen ganar se as negras se defenden ben.

### Exemplo




O rei negro está confinado á esquina incorrecta. Pero o rei branco está en peor situación ca naquel diagrama (e6 en vez de g6) e, polo tanto, non controla as casas g7 e h7.

1...Ad4!




O alfil move, pero sempre controlando f6! (frecha vermella), para que o rei branco non poida xogar Rf6-Rg6, tras o cal obtería unha posición ganadora.



Para as brancas intentar levar o seu rei a g6 deben quitar a torre de f7 e xogar o rei a f5.


Cando isto suceda, o rei negro buscará fuxir cara á esquina correcta a8. Por exemplo, 2.Td7 Ab2 3.Tb7 Ac3 4.Rf5 (diagrama).




E agora o rei negro móvese cara a a8 con 4...Rf8 (diagrama), tras o cal as brancas non logran o seu obxectivo, pois se 5.Rg6 Re8! escapando cara á esquina correcta a8.

# 1


Selecciona en cada caso a xogada defensiva correcta.  
Xustifica con variantes.




● Rh7 Rh5




○ Rb8 Ra6 Ra8




○ Af6 Ra1 Ac1



● Ra7 Ra5



○ Aa2 Ra8 Rc8



● Ae1 Rh8 Rh6




# Torre contra cabalo

No caso máis xeral, este final é táboas. Tamén nestes casos se debe defender coidadosamente.


Os perigos fundamentais que debe evitar o bando á defensiva son:

- a) Que o cabalo quede illado do seu rei.
- b) Que o rei sexa levado a unha esquina do taboleiro.

## Exemplos




O ideal para o defensor é ter o rei e o cabalo no centro do taboleiro e en contacto o un co outro (quere isto dicir que o cabalo estará defendido polo seu rei ou suficientemente cerca).




O cabalo quedou total e definitivamente separado do seu rei.

As brancas irán restrinxindo gradualmente os movementos do cabalo coa súa torre e rei, ata capturalo. 1...Cc1 2.Tb5 Ce2 3.Tb3



O espazo de manobra do cabalo é cada vez máis limitado.

3...Rf6 4.Te3 Cc1 5.Rd4 Rf5 6.Rc3 Rf4 7.Te1 Ca2+ 8.Rb3




O cabalo quedou cercado e será capturado na próxima xogada.




Cando o rei defensor é arrecunchado nunha esquina do taboleiro, hai gran risco de perder a partida.

Tamén hai algunhas posicións perdedoras, nas cales o cabalo está mal situado e o rei se encontra na banda do taboleiro propenso a ameazas de mate.


### Exemplos




O rei e o cabalo negros están arrecunchados. A posición é perdedora.  
 Se xogan as brancas 1.Rg5, as negras están en zugzwang.  
 Se xogan as negras 1...Cf6+ 2.Rg5 Ch7+ (se 2...Ce4+ 3.Rg6 o cabalo queda illado do seu rei; se 2...Cg8 3.Rg6 gana) 3.Rg6 Cf8+ 4.Rf7 e gánase.



O cabalo en b7 (ou b2,g2,g7) e o rei na banda é outra mala posición defensiva:  
 1.Td1! Rb8 2.Ra6! Cc5+ 3.Rb6 Ca4+ 4.Rc6 e o cabalo quedou illado do seu rei, polo cal as brancas ganan.




As negras logran defenderse, pero só xogando con gran precisión:  
 1.Rf6 Ch7+ 2.Rg6 Cf8+ 3.Rh6 Rh8 4.Tf7 Rg8! (4...Ce6? 5.Tf6!+-) 5.Tg7+ Rh8 6.Tg1



Agora só unha xogada salva as negras: 6...Cd7! (se 6...Ce6 7.Rg6 Cf8+ 8.Rf7 gana; se 6...Ch7 7.Rg6! Rg8 8.Tg2! zugzwang Cf8+ 9.Rf6+ Rh8 10.Rf7 gana). Agora se 7.Rg6 Rg8 8.Tg2 (8.Td1 Cf8+) Rf8 e as brancas non progresan.


# 2

Selecciona en cada caso a xogada defensiva correcta.  
Xustifica con variantes.




1

● Cg4 Rg1 Cf1




2

○ Cd4 Cc7 Ca3




3

● Rd4 Ca2




4

● Cg4 Cg8



5

● Cf5 Cg8 Cg4



6

○ Cd4 Cc7 Cg5 Cg7




# Torre e alfil contra torre

O caso máis xeral deste final é teoricamente táboas, pero na práctica resulta bastante difícil de defender. Incluso grandes mestres destacados o perderon.


O perigo para o bando á defensiva comeza cando o seu rei é confinado a unha banda do taboleiro. No século XVIII Philidor estudou algunhas desas posicións (unhas son ganadoras, outras son defendibles).

## Exemplos




O rei negro no bordo do taboleiro propicia unha rede de mate:

1. Ta7 (ameaza Ta8++) Td8+ 2. Rc6 Rb8 3. Ta5 Th8 4. Rb6 (volve a ameazar Ta8++) Th6+




O rei branco está en xaque, pero tras 5. Ac6 cubríndoo non hai defensa satisfactoria contra o mate en a8 coa torre.



Novamente as brancas logran ganar, grazas ao rei adversario limitado na 8.ª fila:

1. Tf4! (ameaza Ac6+ seguido de Tf8+) Rd8 2. Ae4!




O alfil bloquea a acción da torre negra na columna e, á vez que impide que dea xaque en d3. Améazase Tf8++. Só queda 2...Re8, pero entón 3. Ac6+ Rd8 4. Tf8+ gana.



Se o rei defensor non está na banda do taboleiro, debe resultar táboas cunha defensa precisa.


O método de defensa máis fiable consiste en establecer un esquema de resistencia con rei e torre en penúltima liña (ou sexta columna **b** ou **g**, ou segunda ou sétima fila).

### Exemplo




Posición defensiva ideal na penúltima liña. O rei defensor en oposición frontal ao rei ofensivo, a torre defensora separada do seu rei por unha casa (podería estar tamén en g7).

1.Th7+ Rd8




Observa ben a idea: o rei retrocede á banda, pero o rei branco non pode avanzar porque se ameaza capturar a torre.

2.Th6 Re7 3.Ac6!



Agora as brancas buscan o zugzwang. Parece que conseguirán o seu obxectivo porque o rei negro debe retroceder:

3...Rd8 4.Rd6



Pero as negras rexeitan o rei branco con 4...Td7+! (se o alfil captura queda afogado o rei negro).

Agora 5.Re6 Te7+ e o rei branco debe afastarse do seu adversario sen progresar (6.Rd5 Rc7 ó 6.Rf6 Te1 7.Th7 Tc1 8.Ad5 Tc7).






Como se puido apreciar, a idea central de defensa é evitar que o rei defensor quede confinado permanentemente na última liña (filas 1 ou 8, columnas **a** ou **h**).

É conveniente ter en conta, ademais, que o bando defensor pode reclamar táboas cando transcorran 50 xogadas sen cambio de peza nin movemento de peón (ver libro Iniciación 1, unidade 9).


### Exemplo




As brancas fan unha xogada de espera coa torre 1.Tg6. As negras deben manter o seu esquema de defensa na 7.<sup>a</sup> horizontal.



1...Rd7 as negras responden achegando o seu rei á torre, observa que mantén as súas dúas pezas na 7.<sup>a</sup> horizontal. Se 2.Tg7+ Rd8 e as brancas non progresan.




Tamén se pode contestar a 1.Tg6 con 1...Td7 achegando a torre ao rei. Novamente 2.Tg7+ Rd8 non logra nada.




Non obstante, un grave erro sería afastar a torre do rei con 1...Ta7?, pois entón 2.Tg7+ gana xa que a torre en a7 non pode ser defendida.

# 3


Soluciona segundo o enunciado de cada exercicio. Xustifica a resposta.



Indica como ganan as brancas de maneira sinxela (se 1.Te2, Td4 defendéndose). Indica variantes.




Explica por que as brancas non logran confinar o rei negro á columna h coa xogada 1.Tg8+.



Indica cal é a xogada que gana a partida inmediatamente.




Indica como as negras sacan a súa rede do confinamento provisional na columna a. Indica variantes.



Elixe cales das xogadas propostas son correctas.

- Rg5
- Tg8
- Te6
- Tg5



Elixe cal das xogadas establece o esquema defensivo na 7a horizontal.


- Tc7
- Te7
- Tg7



# Torre e cabalo contra torre

O caso máis xeral deste final é táboas. A defensa resulta máis fácil ca no final xa visto de T+A contra T, porque o cabalo é unha peza de curto alcance, o cal dificulta a creación dunha rede de mate. O perigo para o bando á defensiva comeza cando o seu rei é confinado a unha banda do taboleiro, e faise maior se o rei está nunha esquina ou cerca dela.


## Exemplos



No século XIX Centurini analizou algunhas posicións con rei defensor na esquina ou cerca dela.


Aquí a torre negra está pasiva defendendo a 8.<sup>a</sup> fila. As brancas ganan:

1.Rg6 Rg8 2.Tb6!




Cubre a 6.<sup>a</sup> fila para quitar o cabalo sen temor a xaque lateral. Ameázase levar o cabalo a f6 e volver despois coa torre á 7.<sup>a</sup> fila:

2... Te8 3.Tc6 Ta8 4.Cg5 Rf8 5.Te6! Tb8 6.Ch7+ Rg8 7.Te7 e segue 8.Cf6 ganando.



As brancas aproveitan a posición do rei negro na banda para se libren da cravada e crear unha rede de mate inevitable: 1.Rf7! (ameaza Th3++) Rh6 (se 1...Tf2+ 2.Cf3! e se 1...Th2 2.Cg4! y 3.Cf6+, ganando en ambos os casos).




2.Cf3! (quítalles a casa g5 ao rei negro e h2 á torre negra, ameázase Th3++) Rh5 3.Tg5+! Rh6 4.Tg4! e o mate con Th4++ non se pode evitar.




O bando defensor debe tratar de manter o seu rei o máis centralizado posible. Debe usar a torre de forma activa (evitando que o seu rei sexa arrecunhado, cravando o cabalo para limitar mobilidade de cabalo e rei adversario). Sempre hai que estar atento, ademais, aos posibles xaques do cabalo con ataque dobre a rei e torre. Nalgúns casos o recurso do afogado é crucial para rematar en táboas.


**Exemplos**




O rei negro está centralizado e a súa torre activa, por iso non debe resultar difícil rematar en táboas.  
 1...Ta3+ 2.Cd3+ Rf5 3.Th5+ Re6  
 4.Rd4 Ta4+ 5.Rc3 Ta3+ 6.Rc4 Ta4+  
 7.Rb5



7...Td4 As brancas non conseguiron progresar, pois o rei negro mantense no centro, con moitas casas á súa disposición e lonxe de calquera rede de mate.




As negras logran rematar en táboas grazas a que a súa torre está activa:  
 1.Rc6 Tb2 2.Cd6 (2.Th1 Tc2+! 3.Rb6 Rc8!) Tb3 3.Tc2 Tb1 4.Cc4




4...Th1 (agora a torre vai á dereita, a acosar o rei branco horizontalmente) 5.Tg2 Th6+ 6.Cd6 Ra7 e as brancas non poden progresar porque o seu cabalo está cravado.

# 4


Soluciona segundo o enunciado de cada exercicio. Xustifica a resposta.



Encontra como as negras rematan en táboas, a pesar da aparencia desesperada da situación.



Indica cal é o resultado con xogo correcto, en función de se primeiro xogan brancas ou negras.



Indica a forma forzada en que se imponen as negras rapidamente. Indícao con variantes.




As negras ganan rapidamente por razóns tácticas. Encontra a forma e indícao con variantes.



Elixte cal das xogadas propostas é a mellor defensa.

Tf1 Rf8



Encontra a única xogada para rematar en táboas. Xustifica con variantes.




# Dama contra unha peza menor

A dama é moito máis forte ca unha peza menor, polo cal este final se gana moi facilmente. Só é necesario evitar un descoido que lle permita ao bando débil capturar a dama.


O plan ganador consiste en ir restrinxindo, coa dama e o rei, o espazo de que dispón o rei defensor, ata levalo á rede de mate ou perda da peza menor.

## Exemplos




As brancas van acurralando o rei negro do mesmo xeito ca no final de rei e dama contra rei.

1.Re5 Af1 2.De4+ Rg3 3.De1+ Rg2  
4.Rf4 Aa6 5.Dg3+ Rh1




6.Re3 Ae2 7.Rf2 e mate á próxima con Dg1++.

Observa que as brancas se moveron por casas negras, ignorando o alfil, cuxa presenza evita o afogado.



1.Dg4+ Rf6 2.Rd5 Cg5 3.Df4+ Rg6  
4.Re5 Cf7+ 5.Re6 Cg5+ 6.Re7 Ch7  
7.Df7+ Rh6 8.Dg8




O rei negro foi levado xa á banda do taboleiro. Só queda achegar o rei branco:


8...Cg5 9.Rf6 Ce4+ 10.Rf5 Cd6+  
11.Re5 e, cando o cabalo se mova lonxe, 12.Rf6 con mate na próxima.

# 5


Elixe cal (ou cales) das opcións que se amosan é correcta. Xustifica a resposta.




● Rf7 Dg6 Rf5




○ Rf5 Re5 Dg6




○ Rf4 Rd4 Dc7



● Rb5 Ra5 Dc6+



● Da8 Dh5 Rd6



○ Ac7 Ab6+ Ae1+




# Dama contra dous cabalos


A dama gana se o seu rei logra infiltrarse na posición do adversario ou se non hai suficiente coordinación na posición dos cabalos e do seu rei. Se o bando cos cabalos coordina adecuadamente as súas pezas, xeralmente resulta táboas.

O bando coa dama sempre debe estar alerta ante posibles dobres ameazas con xaque dos cabalos. Entre as posibles combinacións de dúas pezas menores (2A, C+A, 2C), esta é a que mellores opcións defensivas ofrece.

## Exemplos




A posición ideal de defensa é cos dous cabalos un ao lado do outro, e o rei próximo a estes, interpoñéndose entre o rei adversario e os cabalos. Así créase unha barreira difícil de penetrar polo rei ofensivo.




Os cabalos enlazados defendéndose un a outro permiten, ás veces, a entrada do rei adversario (c6, d6, c7):

1. Df4+ Rb7 2.Dd6 e combinando zugzwang e avance do rei chégase a unha rede de mate ganadora.



A pesar de que o rei branco pode achegarse vía d6-e6, a partida é táboas:  
1.Rd6 Rg7 2.Re6 Cf8+ 3.Re7 Cg6+



O rei debe afastarse novamente porque o cabalo de g6 lle dá xaques repetidamente desde f8 e g6. As brancas non poden progresar.






# Dama contra alfil e cabalo


Alfil e cabalo é a combinación de pezas menores menos conveniente para a defensa neste tipo de final. Case sempre o bando coa dama gana a partida.

O procedemento ganador consiste en manobrar con dama e rei para lograr penetrar co rei na posición adversaria, limitando movementos e creando unha situación de zugzwang que provoque a perda dunha peza ou o mate.


## Exemplos




1...Dg7+ 2.Rb3 (2.Rc4 Dg3! é ganador pola ameaza Dd3+) Dg3+ 3.Rb2 (se 2.Ra4 Rd3 3.Cb4+ Rc4 ganando).



3...Rd3 4.Cb4+ Rc4 e as ameazas múltiples de penetración (Db3+ o Dg2+ seguido do avance do rei a d3 ou b3) deciden a partida.



Esta posición excepcional é unha fortaleza inexpugnable que permite rematar en táboas. Observa como alfil e cabalo crean unha barreira infranqueable para o rei branco; ademais non hai zugzwang 1...Ah8.



Unha última posición, máis excepcional aínda, que permite rematar en táboas porque o rei negro non pode saír do seu encerro en h1 (alfil e cabalo crean unha barreira infranqueable).




# Dama contra dous alfís

Xeralmente, este final debe ganarse polo bando coa dama.

Non obstante, nalgunhas posicións o camiño á vitoria é longo. A defensa debe tratar de manter os alfís próximos ao rei e evitar a penetración do rei adversario.


Existe unha excepción coñecida, a creación dunha fortaleza inexpugnable que foi descuberta no século XVIII polo analista Lolli.

## Exemplos




A barreira que crean os alfís permite rematar en táboas.

1.De6 (1.Dd7+ Rg8 2.Rf4 Rf8 as brancas non progresan) Ah7 2.Dd7+ Rg6! (2...Rg8? 3.Rh5!) 3.De8+ Rg7 4.Rh5.




Parece que as brancas penetran, pero 4...Af5! e as brancas non poden evitar que na próxima xogada as negras xoguen Ag6 restabelecendo a posición inicial.



Se o rei branco penetra, as brancas ganan:

1.Rf5! (agora o alfil de f6 ten que separarse do seu rei) Ac3 2.Dc7 Aa1 3.Da7 Ab2 4.Db6




O alfil de b2 é forzado a ocupar unha casa desfavorable; en todos os casos as brancas terminan capturando un dos alfís:


- a) 4...Aa1(o Ac1) 5.Dg1+ gana
- b) 4...Ac3 5.Dg1+ Rf8 6.Dc5+ gana
- c) 4...Aa3 5.Dd4+ Rf8 6.Dh8+ Re7 7.De5+ Rf8 8.Rf6 e gánase en poucas xogadas máis.

# 6


Soluciona segundo o enunciado de cada exercicio. Xustifica a resposta.




Se xogan as negras, que deben facer? Entón, se xogan as brancas, que deberían facer?




Indica como impedir a ameaza de achegamento do rei branco. Xustifica con variantes.




As negras capturarán un alfil en poucas xogadas. Indícao con variantes.



Indica cal debe ser o resultado con xogo correcto de ambas as partes.



Indica como rematan en táboas as brancas.



Indica como logran as negras romper o encerro do seu rei en h1, para despois ganar a partida.




# Dama contra dúas torres

Materialmente falando, unha dama é aproximadamente equivalente a dúas torres. Xeralmente este final é táboas.


Un dos bandos logra ganar cando algún detalle específico da posición o permite (por exemplo, torres mal defendidas, dama mal situada, rei confinado no bordo do taboleiro etc.).

## Exemplos




A partida é táboas con xogo correcto, tóquelles xogar ás brancas ou ás negras.

Non hai ameaza de consideración sobre ningún bando.




Unha das torres está “solta” (Th3), isto propicia un ataque dobre ganador:

1.Dc8+! (no 1.Dg4+? Tg7 cravando a dama) seguido de Dxh3 ganando.









O rei branco está en perigo porque está cortado na columna **h**. Se unha das torres dá xaque na columna **h**, ganarán. 1...Th8! (ameaza Rg8++) 2.Da2 Rg6+ 3.Rg2.



3...Rf5+ 4.Rf3 Th3+ 5.Re2 Th2+ ganando a dama.

# 7

Encontra a xogada ganadora e indica as variantes que o xustifican.






# Dúas pezas menores contra unha peza menor

No caso máis xeral, onde o bando defensor non recibe mate nin perde a súa peza forzadamente, estes finais resultan táboas, excepto o de 2 alfís vs. cabalo que se demostrou que é ganador.


A idea para ganar no caso de 2A vs. C é manobrar cos alfís e o rei para capturar o cabalo, xa sexa forzando o cabalo a separarse moito do seu rei ou capturándoo cerca do seu rei a través dunha cravada ou zugzwang.

## Exemplos




Cando o cabalo está illado é fácil sitialo e capturalo:

- 1.Ad4 Ca2 (1...Ca4 2.Ac2 ó 1...Cd1 2.Ae2 ganan o cabalo)
- 2.Rc5 Re7
- 3.Ac4 Cc1 4.Ab2 gana o cabalo.




Esta é a mellor posición defensiva para as negras. A pesar disto, as brancas ganan con xogo correcto; o procedemento é longo e laborioso.



Manobrando, as brancas forzan a captura do cabalo:


- 1.Ag4 Cf8+ 2.Rf6 Ch7+ 3.Re7 Cf8
- 4.Ah5 Cg6+ (4...Ch7 5.Af7++) 5.Rf6! (5.Axg6? afogado).




5...Ch8 (5...Cf4 ou Ch4 illan o cabalo; 5..Cf8 6.Af7+ Rh7 7.Ab4 Cd7+ 8.Re6 e illase o cabalo.) 6.Ae2 Rh7 7.Ac4 Rh6 8.Ad3! zugzwang Rh5 9.Rg7 e gánase.

# 8


Soluciona segundo o enunciado de cada exercicio. Indica as variantes.




Capturan o cabalo en 2 xogadas.




Capturan o cabalo en 3 xogadas.




Capturan o cabalo en non máis de 4 xogadas



As negras conseguen táboas.



As brancas capturan o cabalo.



As brancas capturan o cabalo.



BALÀGIUM  
editors



FEDERACIÓN  
GALEGA  
DE XADREZ



# Xadrez para todos

Colección formada por seis libros agrupados en tres niveis: iniciación, intermedio e avanzado.

En cada libro, trabállanse os contidos da apertura, do medio xogo e dos finais. Poden ser utilizados no ensino primario e secundario (en actividades extraescolares, como materia optativa da ESO), nos clubs de xadrez e nos centros cívicos.

Esta colección está indicada para calquera persoa, a partir dos 7 anos de idade.

## Avanzado 1

Introduce a teoría de aperturas. Empézanse a elaborar plans a partir da valoración. Afóndase no xogo defensivo e amplía o repertorio de recursos tácticos e estratéxicos en cada fase da partida.



XUNTA  
DE GALICIA



9 788415 184126 >